

NOVAS TUROÑO

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 1 | Edición nº 8 | agosto de 2016 | PRECIO 0,50 EUROS

Entrevista aos 3
partidos da
oposición en
Ponteareas

Páxinas 6 e 7

Avanzan as obras
de urbanización
da Plisan

Páxina 11

Tomiño e Cerveira
terán unha nova
ponte peonil

Páxina 28

20.000 persoas
en Porrigalia

Páxina 20

Agosto gastronómico no Condado e Paradanta

Páxinas 12, 16 e 32



Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1968



OPINIÓ

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Podemos na Marea?

A recente Marea Constituínte marcou un fito moi importante no desenvolvemento desta alternativa política. A achega de alcaldes e alcaldesas varios, de centos de galeguistas con experiencia de xestión local e autonómica e de forzas municipalistas máis ou menos xurdidas á marxe de Podemos densifica a resultante e achega a nova alternativa á tradición galeguista e ao coñecemento, afastándoa dun certo adanismo presente aínda nalgúns acenos e discursos. O percorrido dende maio do 2015, abríndose a sectores en principio refractarios, cando

non conscientemente apartados, favorece construír un discurso e unha ferramenta galegas e permite albiscar a posibilidade dun programa de goberno ás galegas ilusionante, transformador e realista. Con moitas dúbidas, porque parte dos problemas deste novo espazo político fican aínda sen resolver. Mais hoxe a Maré é máis potente e máis galega ca onte e ten máis posibilidades de conectar con sectores até de agora pouco interpelados polo seu discurso.

Mais está o problema de Podemos. Por moito que proclame a súa plurinacionali-

dade Podemos é un proxecto español e os seus asociados partillan en grande número unha visión estatalista da axenda política. Para máis, consideran que o proceso de formación da Marea galega non remunerou a xeito a súa achega en votos. Mais vivimos tempos líquidos na política e o que valía na primavera do 2015 non val no verán do 2016. Porque hoxe a causa principal do relativo fracaso de En Marea o 26 de xuño atópase na falla de definición autónoma, no seu solapamento cun discurso estatal que, ademais, está lonxe de pular por un cambio real no conxunto do Estado.

Esta vocación galega da Maré non habería implicar a exclusión dos demócratas non galeguistas que acrediten no País como suxeito de decisión. Nin tam-

pouco negar a colaboración co progresismo estatal de Podemos na rexeneración democrática ou concretas reformas sociais e económicas. Mais dende o recíproco recoñecemento como proxectos diferentes e autónomos.

Porque a nova Maré Galega só terá espazo autónoma de calquera dependencia estatal, abríndose ao conxunto das capas sociais e afirmando a súa vocación de goberno transformador. A asemblea do sábado pasado en Vigo, neste senso, foi un paso adiante. Mais compre dar outros moitos para facer útil este proxecto.



Novas de Troña

Por: Marqués de Troña

Meus queridos lectores, tanto da Vila do Tea, como doutros lugares que sei que me siguen. Teño que pedir desculpas porque tamén eu fun vítima do márketing vacacional e marchei da vila para disfrutar (ou iso é o que me venderon) da vida veraniega doutros lugares. Aínda que se teño que ser honesto, debo confesar que non é verdade. Xa estou un pouco canso. O problema é que o PAK, ou como diaños se chame, que me venderon ten un tempo de vida e págase por adiantado. Se me vou non me devolven os cartos; así que, sentíndoo moito, teño que “ENGORDAR” esta vaga de supostos individuos felices que me rodean.

Vexo para todos lados e, como di a canción, non te vexo nai, naiciña. Non vexo máis que mulleres lucindo o seu moreno de praia e os seus atributos femininos que, abofé, poden lucilos.. Chegados a este punto debo confesar que nalgúns casos son realmente “atributos”. Como dixo o velliño “cando deus quita as forzas, tamén deba quitar as ilusións, (sobre todo as sexuais) engádolle eu, para que os que xa rebasan certa idade non sufran contemplando un manxar que lles está prohibido. Curioso! Prohibido nestes tempos en que todo, ou cáseque todo, está permitido.

Pero voltemos ao rego e non permitamos que as nosas divagacións estivais fagan que a leira quede mal labrada.

Din os franceses “cant’íl y a du fume, est quíl y a du feu (en román paladino, “cando hai fume é que hai lume”). Isto vén a conto porque me interrompen as vacacións con chamadas, non diría eu impertinentes, pero pouco menos, para que diga publicamente que neste verán estanse descubrindo eivas que antes non se sufrían. Dinme, por exemplo, que a Freixa e seus arredores están mal atendidos, en canto á seguridade, e no que a limpeza se refire. Os contedores están a rebosar de lixo (por utilizar un termo suave) e as ratas fan o agosto, e nunca mellor dito,



grazas á desidia ou falta de previsión das autoridades locais. Xa non digamos nada, das outras zonas do río Tea que tamén son apetitosas para se bañar. A falta de limpeza para chegar a elas e a falta de socorristas botan para atrás á xente que lle gustaría disfrutalas.

Tamén me contan que, por primeira vez, zonas da vila (certas rúas) organizan festivais musicais propios á marxe, mellor dito contra, a organización oficial. E as prazas que son mimadas polos gobernantes locais con variadas actividades seguen de uñas e cos balcóns “engalanados” con bandeiras mostrando o seu rexeitamento a facer peonil a Praza Maior.

A verdade é que isto non ocorría nin nos tempos do ínclito Pepe Castro. Por

certo, é de xustiza subliñar que nestes casos Castro alcalde tiña unha rara “virtude”: trataba de achegarse máis aos desidentes do seu goberno que aos propios que o apoiaban sempre. Quizabes iso foi un dos seus segredos para durar tantos anos na Alcaldía. No seu foro interno el está persuadido de que foi o único alcalde “decente” desta Vila.

Pero os meus seguidores e comunicantes tamén me informan de cousas interesantes. Por exemplo, o II Festival de Música Groba. O seu nivel musical, o do festival, claro, é de destacar.

Todos sabemos que estas terras do Tea foron e son berce de grandes talentos neste eido. Sen embargo, debemos salientar que non son só Reveriano Soutullo

ou Rogelio Groba, con ser talentos musicais de grande altura, os únicos. Hai toda unha morea de homes, e tamén algunha muller, aínda que a nivel non tan alto, que nestes momentos nada teñen que envexar a estes dous grandes músicos citados. De Guláns e de Xinzo, por pór dous exemplos, teñen saído grandes músicos que ocupan postos de prestixio a nivel do Estado e incluso, algúns máis aló desta pel de touro, que dixeron os historiadores.

Coñecemos un: Eduardo Soutullo, descendente de Reveriano, aínda que nado en Bilbao, polo traballo de seus pais, que son nativos destas terras, e que está a vivir no Morrazo (aínda que pouco tempo do ano polos seus continuos compromisos fóra destas terras) que ten acadado grandes premios e foi chamado a dirixir as mellores Orquestras de Cámara de Europa, alén dos premios conseguidos polas súas composicións musicais. Claro que non podemos equipar a súa produción coa destes dous monstros (Reveriano Soutullo e Rogelio Groba) pero, estou seguro de que cando chegue aos seus anos non terá nada que envexarlles. E non quero esquecer a outros Grobas de Guláns que todos coñecemos, así como aos irmáns Represas de Xinzo; sobre todo un deles, que está trunfando dunha maneira moi destacada no eido musical.

Creo que o goberno local de Ponteareas non deba contentarse cun Festival de Groba cada ano. Sendo, como xa dixemos, moi importante, non atende debidamente a esa pléiade de músicos xa consagrados que serían referentes para todo un Conservatorio de Música local; amén de ledicia para todos os melómanos aínda que os instrumentos se nos resistan.

Meus queridos lectores, perdoádeme este ataque musical que me deu mentras “disfruto”, é un dicir, destes días lonxe do meu Castro de Troña.

Que o pasedes ben e que “Lourenzo” non vos ataque demasiado.

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Hai que matar ao mensaxeiro

Estes días algúns medios de comunicación informaban de cómo se van producindo os oligopolios neste país. Xa se dan dunha maneira clara no servizo eléctrico, nas empresas que nos suministran o combustible para os nosos vehículos e para darnos calor durante o inverno, no servizo de telefonía, etc. En todos estes casos entre o 60 e o 80 por cento do mercado está controlado por apenas tres ou catro empresas. Xa non temos para onde fuxir. Estamos atrapados. Como dicían os vellos, e que razón tiñan!!, a onde irás boi que non ararás.

Hai outro sector importante nas nosas vidas e na nosa forma de pensar e de entender o mundo: os medios de comunicación. Chámense xornais, revistas, canles de internet, ou canles televisivas. Aquí xa se ten producido un importante e asfixiante oligopolio nos últimos anos.

Cando abrimos un xornal nunha cafetería, e o seleccionamos de entre tres ou catro con cabeceiras diferentes, mal podemos concibir que non son medios distintos, que os donos, os que mandan na línea editorial, son practicamente os mesmos nuns ca noutros. O dito, son os mesmos cans pero con distintos colares.

A existencia e subsistencia dos medios de comunicación, sobre todo en papel, están pasando por momentos críticos. Os que nos movemos neste mundillo, aínda que sexa a un nivel moi insignificante, coñecemos os problemas que existen para sacar á rúa un xornal; ben sexa diario, semanal ou mensual. Nesta situación as empresas editoras, ceibes de escrúpulos informativos, buscan ubres onde amamentarse e defender os seus intereses económicos, aínda que a información que ofrezan sexa un produto máis ben tóxico dende o punto de vista da honestidade e da solvencia informativa. Pouco importa que o publicado sexa verdade, media verdade, ou simplemente mentira. O importante é que o mecenas político ou industrial estea contento co servizo prestado. Este é o segredo. O demais non é outra cousa que cambios de vestimenta super-

ficiais que non modifican para nada o que pretenden verter e presentar en sociedade.

Cando se aproximan eleccións, calquera nivel que sexa, e temos a ciencia e paciencia de ler entre liñas, decatámonos de cómo nos van inoculando e alienando paseniñamente, ofertándonos información que non ten por que ser verdadeira. Deixsana caer como quen non quere a cousa. Xa iremos remoendo ata chegar a dala por certa. Ese é o obxectivo. Dannos unhas premisas que aínda partindo dunha falsa (segundo aristóteles a conclusión tería que ser negativa sempre, pero a quen lle importa aristóteles?) cheguemos a conclusión que a eses medios lle interesa: que todo o que aíu se publica vai á misa.

Permítanme que lles conte unha anécota que din ocorreu nunha taberna de Vigo. Un señor entrou na taberna e comentou “oe, non sabedes o que pasou onte no porto? Houbo un serio accidente no que morreron persoas e todo. Outro señor que tomaba unha caña, ergue a vista e resposta, “imposible, en Faro de Vigo non lin nada diso”.

Efectivamente, para moita xente as cousas pasan ou non pasan se as día calquera “faro de vigo”. E nestes momentos os distintos “faros de Vigo, da Coruña, de Ourense, de Lugo, etc.” traballan para un señor que no pasado ano repartiu entre eles máis de 8 millóns de euros. Evidentemente que estas dádivas non son gratuítas; teñen un prezo: servir de alt falantes amplificando ata a náusea calquera feito normal de obrigado cumprimento para calquera cargo público, pois non debera ser máis que a súa obriga, pero hai que presentalo como se fora un feito extraordinario que só a xenerosidade e sentido do deber desa persoa, desa vaca leiteira (co permiso das vacas leiteiras) pode realizar. E así llelo entenden practicamente todos os lectores deses “faros” aos que antes me refería.

Cando un medio, por pequen o que sexa, non acepta o trato de traballar “pro domo sua”, que dixeran os clásicos, ten que entender que será castigado ao

ostracismo oficial tratando de afogar as súas pretensión de existir dunha maneira honesta, ética e denunciando estas e outras corruptelas.

Como din os vellos do lugar: a can flaco todo son pulgas, e se desafies a fera no seu cubil corres o risco de que che dea un zarpazo de morte.

Aínda así, non nos axeonllamos diante de ningún poder político que pretenda controlarnos. Nacemos pobres e morreremos pobres, pero honrados. Máis vale morrer de pé que vivir axeon-

llado. Iso dixeron os nosos antergos; iso confirmamos nós para as novas camadas por se son quen de renunciar a que lles poñan o cancel e lle obriguen a tirar do carro da indecencia, da desonestidade, da corrupción, chámese como o se chame.

Queren matar ao mensaxeiro porque as mensaxe non lle favorecen, Pois que apunten ben porque nós non estamos a tiro.

Sexan felices

Humor

Félix



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓN

Por: Carlos Méixome

Tempo de mudanza, tempo arriscado

Descoñezco, é evidente, a opinión do Papa Francisco sobre a máxima ignaciana de “en tiempos de tribulación no hacer mudanza”; tampouco sei se considera que a Igrexa está en momentos aflixidos. A sentenza, dirixida aos soldados de Xesús e non ao conxunto da Igrexa, emitida polo fundador da orde na que milita o líder católico, inspirou, con éxito, a persistente influencia da súa facción, durante case cinco séculos, nos círculos de poder da curia romana. Nestes meses últimos na esquerda galega, na nacionalista ou non, seguiu a estar ben presente o espírito xesuíta de non moverse para non arriscar. Todo o contrario do que, ao meu parecer, a cidadanía demanda.

O que si sei é que cando a xente sobrevive como pode, nestes “tempos de desolación”, e contra San Ignacio, a unha

sociedade, calquera, ténselle que ofrecer algo máis que remoer a súa aflicción. Precisa coller folgos, decidir, afrontar, arriscar, sen medo a errar por desprenderse do pasado e mudar, non porque “Se vogliamo che tutto rimanga como é, bisogna che tutto cambi” senón porque é preciso, necesario e urxente ter un país que se esfarela avellentado, coa mocidade procurando polo mundo adiante as oportunidades que aquí non se lle ofrecen, cos seus sectores produtivos boqueando, coa súa cultura esmorecendo, cun réxime carente do mínimo respecto polos máis básicos principios democráticos, cunhas xentes sometidas á perda de dereitos sociais e niveis de benestar que hai anos considerabamos imprescindíbeis.

Nin a inmovilista frase xesuítica, nin a cínica expresión lampedusiana, nin a idealizante aseveración de “para mudalo todo” se-

mellan aquelas para estes tempos de incertezas.

O 25 de setembro a cidadanía está convocada a escoller un novo parlamento. Menos dun mes despois será o 35 aniversario das primeiras eleccións ao órgano legislativo. Nesos seis quinquenios non chegou nin a un o tempo no que a dereita postfranquista deixou agromar novos xeitos e formas de gobernar. Será un mes de infarto político nun estado que é probable siga sen goberno, con eleccións entre nós e no País Vasco e coa moción de confianza nunha Cataluña na que as forzas soberanistas semellan querer seguir mantendo o pulso. Máis suspense imposible.

Precisamos mudar, con dúbidas, incertezas, remoendo, aflixidos, magoentos... pero



Marea de octubre (2014). Joaquín Martínez Cano. Óleo s/ lenzo, 81x81

precisamos xuntar todas as forzas para demoler a brigada de demolición, para desinfectar San Caetano. Cómpre concentrar todas as vontades da nación cidadá nunha grande enxurrada popular.

Mero

por: Baldomero Iglesias Dobarrio

A corenta anos da pesada páxina da historia

A poucos lles acordou a data. Pasa o tempo e semella esmorecer na desmemoria. Van xa catro décadas en que, morto o ditador, seguimos no incerto camiño dos acontecementos, sen saber que pode vir detrás dos medos, dos fracasos, da desesperanza e falta de entendemento. Despois da súa morte, viri un rei ao que todos alcumaban “O Breve” coidando durase moi pouco. Houbo que ir desmontando aquel “atado y bien atado” que moitos coñecemos. Ano e medio despois de decretos, negativas, cartas magnas, acordos e trasacordos, mentiras e manifestacións, carreiras e paus, cargas policiais, sindicatos, forzas de seguridade a caballo, detencións, listas negras, ... Veñen por fin as primeiras eleccións democráticas (?) despois de corenta e un anos de regresión e represión, de rancor e de moitos medos. Era un estado constrinxido e acomplexado, avergoñado e acovardado que na súa agonía final, emitiu un salaio e respirou afogadamente, recuperando por veces o alento. A ditadura morría, non sen tempo. O difícil era

recompoñer. Non se soubo facer, isto de recompoñer, porque había implicacións e manexos, mentiras e difamacións, mortes polo medio. De tal modo que o morto aínda estaba vivo. Ecoaba en moitos corifeos daquel privilexio de poucos. Co paso do tempo a Historia xulga aqueles feitos e, aínda desde a ocultación de moitos datos, sabemos que todo era unha montaxe internacional. O peor é que aínda quedan ramallazos do franquismo. Comportamentos virulentos que vemos aínda en moitos dos que gobernan a brazo tendido, sen escoitar á xente e coas rodela dos seus pesados carros de combate que arrasan todo, que esnaquizan o porvir, que desfán o presente e pretenden esquecer o pasado. Algo hai que lles fai crer ser donos de todo, que os votos deron o poder para facer e desfacer ao seu antollo. Non escoitan os laios dos que sofren e en nós queda a fractura e a división, os complexos entre as voces asfixiantes dos “demócratas de toda la vida”, os rexeitamentos da memoria e a xustiza, a manipulación dos medios

de información e dos poderes -que non son independentes. Aínda hoxe non se normalizaron os respectos a miles de persoas que están nas cunetas, en fosas e covas. Seguimos feridos polo pasado. Idiotizados na estupidez sen facernos cargo do que supuxo aquela República Legal, despois o golpe militar, a guerra e tanta dor, a ditadura, a represión, e moito silencio por recuperar. Os vencedores proclaman orgullosos tanta vergoña, de arredar ás vítimas sen lembrar que eran heroes dunha causa, dunhas ideas tan válidas coma calquera. Non houbo transición democrática. Nun principio confiabamos na busca da normalización da vida en sociedade. A modernidade non chegou en forma desexada, o progreso era abrasivo e agochaba perversas realidades e abusos. A cuestión é que a cacarexada transición foi ruín e pouco conciliadora, menos xenerosa do esperado. Nin sequera recuperaba o atraso histórico padecido e aínda hoxe agardamos reparar a demanda social de rexeneración e afondamento democrático de tal xeito que

dean credibilidade ás votacións, ao estado de dereito, ao recoñecemento da pluralidade que, de momento, só son verbas nun papel. Así non chegaremos a esa prosperidade soñada, nin a esa liberdade que nos produza o pracer inmenso de entender, de entender-nos e comprender a vida. Aínda quedan moitos defectos de fondo e forma, moitos males que se manifestan en corrupción e que, mesmo a sociedade, aplaude en votos. De onde vén todo isto? Daquela eivas do pasado que non foron harmonizadas debidamente. Cómpre volver a ollada atrás e mirar canto franquismo habita aínda entre nós, mesmo na Carta Magna inmovilista a través do tempo. Como pode ser? Despois das tantas variables de tempo e circunstancias. Deberemos facer normal o que é normal, con altura de miras, con xenerosidade para deostar os poderes monolíticos que cegan esperanzas. Foi un tempo cruel, asfixiante. Pero o xuízo da Historia será implacable!.



FUCO PRADO



A oposición tamén goberna

cuestionario aos partidos da oposición na Corporación de Ponteareas

por Guillermo Rodríguez

Logo de cumprido con creces o primeiro ano do novo goberno e tempo para que coñezamos da man da Oposición como sen as cousas dende a súa trincheira.

Nós partimos da base de que a Oposición tamén goberna, por unha razón moi sinxela: os votantes dos partidos que non chegaron ao poder teñen dereito a que os seus Representantes poidan defender diante do equipo de goberno o programa que eles apoiaron. Para ese menester é preciso que a Oposición interveña tamén na marcha da res publica

local.

Este cuestionario é común para as dúas forzas maioritarias da Oposición (P.P e ACIP); para a outra forza política, E.U, que apoiou a elección do actual alcalde pero que non entrou no goberno, temos, obviamente, preguntas diferentes que facerlle.

Vaíamos pois coas preguntas para os populares e os independentes.

1/ Como ven, dende un punto de vista, democrático, transparente e de relacións fluídas coa Oposición o comportamento do

actual equipo de goberno?

2/ Cales son as máis importantes contradicións, de habelas, no actual goberno respecto aos problemas esixidos polos partidos gobernantes cando eran Oposición?

3/ Durante todo o ano pasado asistimos a queixas do actual goberno sobre “patatas quentes” que herdaron dos anteriores gobernantes. Que hai de verdade en todo isto e que podemos achacar ao síndrome de Rajoy e Zapatero?

4/ Obviamente, algunhas cousas do ac-

tual goberno estarán, a xuízo da Oposición, ben feitas. Cales serían? Poderían mellorar de contar coa colaboración da Oposición? De que maneira poderían apoiar?

5/ Cal é a situación financeira do Concello nestes momentos? Aumentaron os ingresos ou diminuíron? Están sendo ben empregados? Que eivas atopa, neste campo, a Oposición?

6/ Calquera outra cuestión considerada importante e que non fora incluída neste breve cuestionario.

Partido Popular

1.- Dende hai un ano en que o tripartito está a gobernar os designios dos ponteareáns as relacións coas forzas políticas da oposición foron sempre a de pór atrancos ás súas funcións. Gábanse de ser un goberno transparente e participativo pero a realidade é todo o contrario. Actúan dunha maneira ditatorial e intransigente. O máis curioso é que o fan coas forzas da oposición e tamén cos colectivos parroquias e veciñanza en xeral.

2.- Unha das máis destacadas foi o cambio de postura e criterio con respecto ao PXOM. Na oposición os do PSOE dicían que non podía apoiar este plan sen antes elaborar o Plan Parcial da Lomba. Os do BNG non apoiaban este Plan Xeral porque para eles era o Plan dos especuladores e dos promotores. Ao final o Plan Xeral está aprobado pola responsabilidade do Partido Popular, porque, curiosamente, parte do actual goberno non votou a favor do Plan. Se o PP non votara a favor, non se aprobaría o Plan Xeral.

Antes na oposición esixían que para levar ao Pleno da Corporación calquera asunto, este tiña que estar informado e respaldado polos informes técnicos pertinentes. O actual goberno aprobou, por exemplo, o orzamento municipal para o 2016 cos informes desfavorables dos técnicos municipais. Isto obrigou ao Grupo Municipal do P.P. a levar esta decisión ao Xulgado. Pasa o mesmo coa fronte aberta polo goberno local pola decisión de peonalizar a Praza Maior, rúa Oriente e Esperanza de forma unilateral, autoritaria sen consenso, nen

transparencia cos afectados (veciñanza, comerciantes, empresarios e usuarios). Antes, os socialistas pedían que mentres non se construíra un aparcadoiro soterrado, non se pechara ao tráfico ditos viales; instando ao goberno do PP a elaborar un plan integral de humanización do casco urbano. Onde mellor se ve que non é igual predicar que dar trigo é na colaboración que o Concello dispensa aos colectivos veciñais, sociais, culturais, deportivos... Na oposición, pedían que se incrementasen as axudas a todos estes sectores para que o Concello colaborase coa mellora e pervivencia destes colectivos e das súas infraestruturas, agora no goberno, rebáixanas e noutros casos nen as convocan. As axudas aos clubs deportivos, durante o goberno do PP, destinábanse 60.000 €; eles pedían que foran 100.000 €. Agora reparten tan só 40.000€. Na emerxencia social, antes das eleccións municipais levantouse tanto revuelo para incrementar esa partida que estaba en 60.000€, agora só a subiron a 90.000€. ao tempo que destinan máis de 100.000€ a contratacións con empresas externas de dubidosa xustificación.

3.- Se unha “patata quente” a deixar polo anterior goberno do PP no Concello dun Plan de Saneamento Financeiro 2014-2016 que levará ao déficit CERO a finais deste ano; tendo en conta que o BNG votou en contra deste Plan; grazas a el, ao peche do exercicio económico 2015 saíron fachendosos presumindo de pechar o exercicio cun superávit de máis de cinco millóns de euros. Foi posible pola xestión do actual goberno ou pola do ante-

rior goberno do PP?. O goberno actual gastou 350.000 € máis por enriba da regra de gasto. gasto.

4.- O Grupo Municipal do Partido Popular de Ponteareas sempre apoiará aquelas medidas encamiñadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza. De todos os xeitos diante dos atrancos constantes ao noso labor de Oposición, é moi difícil colaborar cun goberno que só fai por atrancos aos grupos da oposición para poderen desenvolver dunha maneira fluída a súa labor de oposición. Neste senso, como xa se dixo antes, o PP por responsabilidade apoiou co seu voto a aprobación do Plan Xeral, de non estaren comprometidos con ese principio hoxe o Plan non estaría aprobado, xa que parte do goberno non votou a favor. No que atinxe á presuposto municipal o PP foi o único partido da oposición que aportou, ou pretendía incluír distintas medidas para enriquecer dito documento e que co paso do tempo algunhas das medidas que pretendíamos incluír teñen que implementalas modificando o actual presuposto. O PP segue reiterando a falta de diálogo, participación e transparencia da que tanto presume este goberno. Medidas tomadas de maneira autoritaria e ditatorial, sen participación nin consenso, e medidas tomadas con nocturnidade e aleivosía en contra da transparencia da que pregoan nos seus acordos de gobernabilidade.

5.- Dende hai moitas décadas, nunca estivo mellor, grazas sobre todo ás políticas aplicadas polo PP co Plan de Saneamento 2014-2016, que afectaron tanto aos ingresos como ao control do gasto,



Salvador González Solla. Vovceiro do Partido Popular de Ponteareas

redución do cadro de persoal, peche de servizos... estas medidas van encamiñadas a que ao remate deste ano 2016 o Concello presente un déficit cero polo que o actual goberno poderá reverter aos cidadáns parte do esforzo feito durante estes anos: revisión do IBI, rebaixa do imposto de vehículos... o paradoxo é que o actual goberno mantén a mensaxe de que non hai cartos e por outra banda presumen do superávit de máis de 5.000.000€ do presuposto do ano 2015 e ao mesmo tempo seguen ao pé da letra o Plan de Saneamento do PP.

6.- Dende o grupo municipal

do PP de Ponteareas denunciaremos reiteradamente tanto no Pleno da Corporación Municipal como nos medios de comunicación o abandono dos servizos básicos municipais: mantemento e limpeza da rede viaria do rural, das áreas recreativas e parques infantís e biosaudábeis; pavimentación e vacheo de pistas e estradas de titularidade municipal. Mantemento e limpeza das praias fluviais. Denunciamos o descontrol das concellerías e a pouca colaboración cos colectivos veciñais, culturais, deportivos e sociais. Tamén denunciaremos a nefasta programación cultural e deportiva do Concello.

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

A oposición tamén goberna (continuación)

cuestionario aos partidos da oposición na Corporación de Ponteareas

Alternativa Ciudadana de Ponteareas ACIP

1º. Dende o noso grupo esperábamos cun cambio de goberno conlevaba a mellorar a situación de Ponteareas en relación a transparencia debido a que na toma de posesión o alcalde dixo que "o concello sería transparente como as portas de cristais". Un ano despois a transparencia baséase de que non teñamos acceso á documentación nin ás copias que por lei si temos dereito.

Tamén se esqueceron do portal de transparencia da páxina web do concello como por exemplo os custes de manter unha carpa máis de 5 meses na Praza Maior, non se sabe canto custou manter a carpa na Praza Maior...

Por mor destas actuacións, vémonos na obriga de presentar unha demanda no Xuzgado na que se esixa o cumprimento da lei como é o acceso a información os concelleiros para defender os intereses e dereitos dos cidadáns.

2º. O fundamental é que a oposición dicía unha cousa e agora no goberno din outra e iso non é así. Os veciños están fartos destas situacións e máis na oposición votaban a todo "non" e realmente eran os do non polo non e agora no goberno votan o

contrario do que dicían. Non teñen criterio e fan o que sea por manterse no poder pero os veciños non importan.

3º. Aquí temos que ser claros xuntáronse tres forzas políticas para gobernar co beneplácido de EU-SON e o que está claro e que teñen que traballar e gobernar durante os catro anos. Xa non valen disculpas de seguir votandolle as culpas ós de antes. Un exemplo claro o concello ten un xerente novo que é o Alcalde tendrá que xestionar a empresa senon que dimita.

4º. Sinceramente dígame unha levan un ano votando balóns fora votandolle as culpas ós demais o plan xeral aprobáronno tarde e mal e agora a xunta di "que hai que volver a levalo a pleno a aprobación do mesmo". Quen vai asumir responsabilidades? Quen vai dimitir? nada o que antes decían na oposición agora non vale, aproban un presuposto e demostrase que o fan mal con informes dos técnicos municipais negativos.

O que acontece é que o ano pasado gastaron máis de 300.000 euros en facturas que esconderon nos caixóns e non pagaron. Os servizos municipais están abandonados e as parroquias non existen para este goberno, o casco urban máis do mesmo.

5º. A situación financeira e boa pero o goberno actual minti como sempre co beneplácido de algún medio de comunicación este Concello si sigue co plan de saneamiento financiero aprobado polo anterior goberno e co apollo dos concelleiros de ACIP a o final de este ano estará sanado na súa totalidade pero o goberno é irresponsable cando estaban na oposición votaron en contra e gracias a responsabilidade do noso grupo aprobouse deberían perder perdón a os veciños por sempre ir en contra de todo o positivo para Ponteareas e agora aprofitanse de eso.

6º. Realmente este goberno non esta a altura das necesidades dos veciños estou convencido que nunca pensaron estar no goberno e iso agora paganon os veciños con decisións e conflitos que crean innecesariamente máis gastan máis carto dos que hay co cal corremos o risco de ser intervidos polo goberno central de seguir así, non negocia coa empresa FFCC que ten que devolver cerca de 120.000 euros anualmente durante os últimos 6 anos que se esconde en esa falta de exigencia de máis de 800.000 euros que son dos veciños non do goberno.

Un goberno que esta privatizando servizos cando sempre de-



Juan Carlos González Carrera, voceiro de ACIP

fendou o público desde a oposición exemplo o conservatorio de música, conflitos sin necesidade a peatonalización da Plaza Mayor sin ningún tipo de consenso, seguridade cidadana inexistente

nestes momentos en un Concello como o noso donde incapacidade da concellería fai peligrar a seguridade cidadana en conclusión un goberno que solo mira os seus intereses e non os dos veciños

Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
TLF: 986640834
Ponteareas (Pontevedra)

PONTEAREAS

Esquerda Unida - son

1.- Seguen convencidos os membros de EU de que foi acertada a opción de non entrar a formar parte do novo goberno?

Do que non formamos parte é da xunta de goberno, o goberno municipal o conformamos todas as forzas políticas da Corporación Municipal. O noso posicionamento non é o de exercer de oposición, tal e coma fan PP e ACiP, se non o de dar ou non o noso apoio segundo o noso posicionamento de esquerda e aportar ao bo funcionamento do goberno municipal.

A decisión de non entrar a formar parte da Xunta de Goberno foi tomada pola Asemblea Municipal de EU de xeito unánime. Os termos do acordo de goberno establecían un pacto entre as forzas que o conformaban, de cara a actuar cunha única voz. Dese xeito e dada a nosa absoluta minoría dentro desa eventual Xunta de Goberno, impediríanos tomar decisións e actuar coa nosa propia voz. Esta situación queda en evidencia co que está a acontecer co partido ARDT que ao contar tamén cun único concelleiro e integrarse na Xunta de Goberno, quedou condenado á irrelevancia.

2.- Cales foron as cuestións de calado político que non lles permitiron sumarse ao novo goberno?

As diferenzas ideolóxicas de ESQUERDA UNIDA co resto de organizacións que forman parte da Xunta de Goberno son evidentes. Tanto o PSdG coma o BNG son partidos políticos de carácter interclasista. Fan unha política "de esquerda", pero sen entrar na contradición de intereses entre a clase traballadora e os que detentan o capital.

Isto pode parecer pouco importante cando estamos a falar de política municipal, pero non é así. Nos, coma forza anticapitalista, non pretendemos aplicar políticas para o ben de Ponteareas coma un conxunto homoxéneo onde todas somos iguais, senón que temos claro que o noso obxectivo é defender os intereses da clase traballadora, de todas esas persoas que non contan máis que coa súa propia forza de traballo para sobrevivir. O que é máis, temos claro que cando se pretende quedar ben con todo o mundo, ao final quédase mal con todas.

Aínda que evidentemente os partidos da xunta de goberno teñen claras diferenzas con respecto ao PP e a ACiP -que son partidos claramente ancorados na dereita- non podemos esquecer que por exemplo, o PSOE é o partido da reconversión industrial, das ETTs, da reforma laboral e demais políticas antiobreiras. Esta visión da política, trasládase a nivel municipal en diversas cuestións.

3.- Que opinión lle merece o funcionamento político do novo goberno? De saber o que saben hoxe volverían a darlles o seu apoio.

Consideramos que dentro das súas características propias, a actual Xunta de Goberno fai un esforzo para normalizar a vida política deste concello, por exemplo, saneando a economía municipal que ata agora era un descontrol.

Por outra banda, tanto o PSdG coma o BNG, apoiaron o actual PXOM en proceso de aprobación definitiva, que ten a marca do PP. Un PXOM especulativo que non beneficiará á clase traballadora. Continúan as privatizacións im-

postas polo PP, renuncian á xestión da estación de autobuses, proseguen coas agresións ambientais á ribeira do Tea.

O que máis botamos en falta na actual Xunta de Goberno é unha maior vontade de diálogo cos distintos colectivos sociais, coa veciñanza e particularmente coa representación sindical do Concello. Tardaron nada menos que nove meses en convocar formalmente aos sindicatos a unha xuntanza.

Aínda así, consideramos que o cambio de goberno foi positivo comparado co anterior.

4.- Coma "partido amigo" do equipo gobernante están recibindo puntualmente toda a información que precisan para poder adoptar unha postura coherente cos seus principios ideolóxicos?

Non somos nin amigos nin inimigos do equipo gobernante, e a información que recibimos é a mesma que reciben os outros partidos que non están na Xunta de Goberno.

O certo é que a documentación a tratar no pleno chega con moi pouco tempo de antelación, o que non permite valorar, moitas veces en profundidade, as distintas cuestións.

Cuestión aparte é a información que solicitamos por iniciativa propia de cara a exercer un control sobre o goberno. Nalgúns casos, ou se tarda moitísimo en darnos resposta ou simplemente esta non se nos chega a transmitir.

5.- Nalgún momento se sentiron ninguneados polo equipo de goberno?

Ninguneados non sería a palabra. O que si é certo, é que eles manobran para tentar invisibilizar o noso traballo. Tal foi o caso do Regulamento de Parti-



Lino Costas, voceiro de Esquerda Unida -son

cipación Cidadá que rexistramos para levar ao Pleno. Unha das nosas primeiras mocións. Tardaron dous meses en incluílo na orde do día do Pleno, de xeito que lles dera tempo de preparar outro e presentalo coma iniciativa propia.

6.- Calquera outra cuestión que consideren interesante para unha boa información dos cidadáns e non fora preguntada.

Somos conscientes de que a capacidade de decisión dos concellos está moi limitada pola lexislación actual. Unha lexislación da que os principais responsables son precisamente o PP e o PSOE. Aínda así, existe

marxe para poder aplicar políticas municipais a favor da xente do común, das persoas traballadoras. O noso deber é precisamente aproveitar ao máximo toda esa marxe de manobra que nos permita a actual lexislación nese senso. E niso estamos, pero temos que engadir que para cambiar realmente as cousas non se pode confiar exclusivamente na política institucional. É imprescindible que as persoas de clase traballadora tomen conciencia da súa realidade, se organicen, participen da vida pública. Nese camiño, ESQUERDA UNIDA estará ao seu carón coma unha máis.

Castelo

MUEBLES

ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188

Tlf.: 986 654 312

Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

Castelo 2

MUEBLES

Tlf.: 986 642 925

Avda. Castela, nº 26. PONTEAREAS

www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com

o remendón

- Reparación de Calzado
- Afiados
- Copias de Chaves e Mandos
- Cerrajería 24 horas

Rúa Rosalía de Castro, 61
SALVATERRA DE MIÑO

Telf: 637 764 865

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Festival Groba supera o seu ecuador cun importante éxito de asistencia

O Festival Groba, que se está a celebrar na vila de Ponteareas dende o pasado día 5, vén de superar o seu ecuador a pasada noite coa estrea dun ciclo para orquestra de corda escrito este mesmo ano por Rogelio Groba e inspirado no discurso que Castelao pronunciou en 1948 en Buenos Aires "Alba de Gloria". Foi o cuarto dun total de oito concertos programados na presente edición.

O público foi quen de superar as altas temperaturas de días pasados para asistir a unha actividade que se está a consolidar dende os seus inicios, en 2013, como unha das referencias máis interesantes do verán musical galego, grazas, en boa medida, á presenza de intérpretes de contrastada calidade a nivel mundial.

Sirva como exemplo a participación este ano de Guy Braunstein, que foi concertino da Orquestra Filarmónica de Berlín; Emmanuele Baldini, solista da Orquestra Sinfónica do Estado de Sao Paulo; ou nomes xa coñecidos pola súa participación en anteriores edicións do festival, como Lea Hennino, Kyoungmin Park, Clara Jumi Kang ou Kasia Wiecek, entre outros.

Xunto a estes intérpretes, o apoio incondicional a músicos galegos, que este ano estarán representados polo frautista ferrolán Bernabé Simes e a chelista ponteareán Alba Reiris, xunto á propia Orquestra de Cámara Galega (OCGa) que, un ano máis, vén actuando de "orquestra residente" do festival.

Dende os seus inicios, esta



A Chelista ponteareán Alba Reiris, que actuará o venres 12



De esquerda a dereita: Guy Braunstein, Gili Schwarzman, Lea Hennino e Massimo Macri.

cita musical tivo como sinal de identidade unha estrutura que, sendo habitual noutras latitudes europeas, se converteu en novidosa na nosa Comunidade: amais dos concertos, que teñen lugar todos os días a partir das 21:00 horas no Auditorio Municipal, os solistas convidados realizan unha serie de cursos de formación, auténticas clases máxistras, ás que poden asistir os alumnos interesados. Este ano, Zvi Plessner, reputado pedagogo e solista, impartiu clases de violonchelo, e Emmanuele Baldini ofreciu un curso especial para solistas de violín. Algúns dos seus alumnos participarán no

concerto de clausura actuando xunto á OCG. Pero un dos cursos máis novidosos é o de "Biomecánica e prevención de lesións para violinistas", que tivo lugar a pasada fin de semana por parte da fisioterapeuta Nerea Carrera.

Nos días que restan de festival, que rematará o vindeiro venres, día 12, aínda quedan pendentes a estrea de dous dos catro concertos que integran o ciclo "A roda do ano", de Rogelio Groba (os titulados Primavera" e "Verán"), e a interpretación de obras de Clara e Robert Schumann, Mendelssohn, Bach, Beethoven, Brahms e Vivaldi.

Convocada a segunda edición do Certame de Fotografía

O concurso baixo o título Ponteareas no obxectivo ten coma finalidade involucrar á veciñanza no coñecemento do entorno para dar a coñecer as diferentes realidades da vila

É aberto e poderán participar nivel individual ou colectivo persoas maiores de 15 anos ata o 15 de setembro de 2016

Os participantes no certame deberán facer fotografías relacionadas con Ponteareas con diferentes temas: a xente, a paisaxe, os lugares, os monumentos, o urbanismo, os eventos, festas e romarías ou as labores tradicionais, por exemplo. As fotografías deben ser orixinais e inéditas e non premiadas noutros concursos. Poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor, en calquera técnica.

Poderán entregar un máximo de 3 fotografías nun tamaño mínimo de 18 x 24 e máximo de 40 x 50 impresas en papel fotográfico na Biblioteca Municipal de Ponteareas, sita na rúa da Perillana 9-11.

As demais condicións do certame poderán ser consultadas na páxina web do Concello ou no departamento de Cultura, no edificio da Biblioteca.

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Festival Algazara e Día de Galicia en Ponteareas



PONTEAREAS

A Fogaza, o éxito do ben feito

José Barbeito Amoedo leva traballando desde os 14 anos, e logo de 34 anos dedicados ao mundo da panadería, recolleu a bagaxe da súa experiencia nos diferentes fornos nos que traballou ao longo da súa vida e decidiu montar negocio propio.

Xunto a súa muller, e coa axuda da súa filla, aínda estudante, na parte administrativa, comezaron a empresa familiar nun céntrico local que, aínda que levaba tempo pechado, xa fora unha popular panadería en Ponteareas: Mari Pepa.

A súa localización ideal, xunto á Casa do Concello, e o que segundo José Barbeito é o seu único secreto: "traballar con bo produto e o cariño que lle pos cando tes a sorte de facer o que che gusta" fixo

que a panadería tivera tal éxito que para cubrila demanda e atender as colas que cada día se xuntaban na súa porta tivo que ampliar a plantilla ata as oito persoas que actualmente traballan en A Fogaza. O bo facer das súas empregadas consegue agora que apesar das moitas persoas que entran no despacho, estas sexan atendidas rapidamente.

A xente fala ben dos seus produtos e o boca a boca encheu o seu negocio, así que o que empezara como panadería ampliou a súa oferta e tras adaptar o obradoiro, antes so preparado para facer pan, agora tamén ten pastelería, enchendo de cor e doces sabores as vitrinas cos seus pasteliños, bolos e tartas.



Un éxito son igualmente ás súas empanadas, polo seu xeitoso tamaño, asequible prezo e gran variedade de sabrosos e abundantes recheos: carne, atún, bacalao, polo, chocos, lomo, zorza, berberechos, zamburiñas, polbo, mexilóns, vexetal... e a súa curiosa empanada de tortilla de patata.

A boa localización, xunto ao Concello, o bo produto e a experiencia e paixón polo seu traballo de José fixeron que o seu soño se convertise nun éxito

Sen precisar de ofrecer reparto a domicilio, os seus produtos atraen ao cliente a súa tafona e o apoio da xente e o éxito do seu negocio fai pensar a José sobre a posibilidade de abrir novos despachos. E a crise? Bueno, a xente come pan tódolos días e ademais é económico. Estaremos atentos ás noticias.



CONDADO/ PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Ponteareas urxe á Consellería a implantar o bacharelato de Artes demandado dende fai unha década

O Goberno local agarda que a Xunta non discrimine a Ponteareas que conta con 1900 alumnos nos 4 institutos

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, vén de dirixirse ao conselleiro de Educación, Román Rodríguez, urxindo a concreción do bacharelato de Artes para o vindeiro curso, bacharelato demandado dende fai unha década por toda a comunidade educativa de Ponteareas, amais de ser apoiada tamén por todas as forzas políticas da Corporación. “O Bacharelato de Artes Escénicas Musicais e Danza non é só unha cuestión de Ponteareas, é tamén de interese para o alumnado da comarca que cursa o bacharelato na nosa localidade” manifestou o alcalde.

Represas indicou que Ponteareas conta con alumnado máis que suficiente para xustificar a implantación do bacharelato de Artes. Nos 4 institutos contou o pasado curso con 1917 alumnos e ao mesmo nivel que outros municipios e cabeceiras de comarca, que xa contan con este bacharelato. “Agardamos que o Goberno de Feijoo actúe en consecuencia e atenda esta demanda xa para o vindeiro curso, noutro caso os veciños e veciñas de Ponteareas, as familias que terían que levar os seus fillos a outras localidades,

estarían sendo discriminadas” declarou Represas engadindo que “as administracións públicas están obrigadas a respectar a igualdade de oportunidades, e máis, no ámbito educativo. Moitas familias non poden asumir os gastos que supón que os seus fillos teñan que realizar o bacharelato noutra localidade”

A Consellería de Educación anunciou para o vindeiro curso académico que Mos, que conta cun só instituto e 540 alumnos, terá de Bacharelato de Artes Escénicas, Musicais e Danza. Esta decisión o Goberno de Ponteareas considéraa positiva para os veciños de Mos. Por iso, agarda que a Xunta confirme tamén o bacharelato de Artes en Ponteareas pola poboación estudantil, a situación de cabeceira de comarca, a existencia dun Conservatorio de Música, cuestións todas elas que reforzan aínda máis a posición preeminente de Ponteareas para contar con estes estudos.

O alcalde Xosé Represas solicitou unha reunión co Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez para tratar esta demanda e a súa concreción coa maior brevidade posible.

O PP leva a pleno unha modificación orzamentaria para pagar a extra de decembro de 2012 aos funcionarios

Nos Orzamentos para o ano 2016 que acaba de aprobar o Goberno ponteareán non aparece partida económica para poder facer fronte á Paga Extraordinaria e adicional do ano 2012 que os funcionarios do Concello teñen dereito a cobrar neste ano.

Segundo os concelleiros populares, dende as primeiras reunións mantidas no mes de abril, nas diferentes Comisións Informativas celebradas e no propio Pleno de aprobación dos Orzamentos, solicitóuselle ó Goberno que dotase unha partida económica para este concepto, pero tanto o Alcalde como o Concelleiro de Facenda negáronse a facelo, sostendo

que non facía falta.

O certo é que finalmente nos Orzamentos non existe dotación económica para retribuír a Paga Extraordinaria do ano 2012, e a única opción que lles queda ó Goberno é levar ó Pleno unha “modificación Presupostaria”.

O Partido Popular acaba de presentar polo Rexistro Xeral de Entrada unha Moción a tratar no próximo Pleno para que urxentemente o Goberno faga unha modificación do Orzamento 2016, que permita ter dispoñibilidade de fondos para pagarlles ós traballadores funcionarios a parte adicional da Paga Extra do ano 2012 de xeito inmediato.

O Goberno local amplia a rede de abastecemento de augas en San Mateo

A Xunta de Goberno do Concello de Ponteareas aprobou o inicio da tramitación da adxudicación para ampliar a rede de abastecemento de augas en de San Mateo de Oliveira. As obras, localizadas nos lugares da Chan, Vilafra e o Cruceiro, conectarán 1.160 metros de tubaxe á rede existente para que a auga poda chegar a un grupo de vivendas que até agora non recibían este servizo.

A ampliación acometerase en dous tramos: 910 metros nos lugares da Chan e Vilafra, que á súa vez levará 610 metros de canos de abastecemento por un tramo principal e 300 por dous secundarios; e 250 metros na aldea do Cruceiro. A obra realizarase na marxe dereita da EP-4006. O proxecto estima que as obras concluírán en tres meses e terá un importe total de 78.010,79 euros, a cargo da subvención do Plan Concellos 2016 da Deputación de Pontevedra.

O Goberno local considera irresponsable a actitude de ACiP ante a desobediencia á sinalización na Praza Maior e arredores

“ACiP e o seu voceiro, Juan Carlos González Carrera, carecen de responsabilidade ao alentar aos veciños e veciñas de Ponteareas e, neste caso, do entorno da Praza Maior que recorran as sancións de tráfico por non existir unha ordenanza municipal. É moi doado falar cando non vai repercutir no teu peto. A ordenanza é un tipo de norma xurídica, que se

inclúe dentro dos regulamentos, pero que se caracteriza por estar subordinada á lei.”, explica a econelleira de Seguridade Cidadá e Mobilidade.

De non existir a ordenanza reguladora municipal, a lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motore Seguridade Vial prevalece, así como o regulamento de circulación e o procedemento sancio-

nador en materia de tráfico, xa que son normas superiores. “Os cidadáns teñen que saber que se recorren as sancións perden automaticamente a bonificación do 50% e, polo tanto, se perden deben pagar a totalidade da sanción, o que é moi probable neste caso, xa que o motivo que alega ACiP non se axusta á realidade”, critica Vanesa Fernández.

ELECTRICIDAD
IN. M. A. C.
CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PQ-1902

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 / Móvil: 631 84 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Pol. Ind. Chan da Pena, Pórt. 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

Talleres
Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax: 986 66 15 41

SPG
TALLERES

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Tel: 698 126 552

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

milfollas@munio-r.com

Avanzan as obras de urbanización da Plisan

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, visitou o 1 de agosto as obras de urbanización da primeira fase dos sistemas xerais da plataforma loxística Salvaterra-As Neves (PLISAN), onde salientou que un terzo destes traballos, cun orzamento de 13,5 millóns de euros, xa está executado, polo que finalizarán no vindeiro mes de abril, o que permitirá que as empresas poidan comezar a instalarse en 2017.

A esta visita tamén asistiron o delegado territorial da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves; a delegada do Consorcio Zona Franca de Vigo, Teresa Pedrosa; e o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Enrique López Veiga.

Vázquez Mourelle indicou que un terzo das actuacións nesta primeira fase están xa executadas e paralelamente estase a traballar para poder licitar, a finais deste ano, os primeiros terreos a

urbanizar para que as empresas que así o desexen poidan comezar a instalarse no próximo exercicio.

Estas obras dos sistemas xerais comprenden a construción e pavimentación do viario e inclúen o alumeado e as conducións necesarias para os sistemas de abastecemento, saneamento, electricidade, gas e telecomunicacións. Son traballos que deixarán habilitados 700.000 m² da zona máis próxima ao enlace coa autovía e darán servizo á totalidade das empresas que se instalen nas parcelas das distintas áreas incluídas dentro da PLISAN.

Nestes momentos están traballando na zona arredor de 60 persoas e 35 máquinas e xa está realizado todo o movemento de terras; executáronse os servizos principais ao longo de toda a traza (pluviais, media tensión, telecomunicacións...); e agora estase traballando nas capas inferiores dos firmes.



A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, xunto co delegado territorial da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, supervisou o primeiro de agosto as obras de urbanización da plataforma loxística Salvaterra-As Neves (PLISAN)

A conselleira salientou que nos próximos días vaise iniciar a construción da glorieta de conexión da PLISAN coa estrada que une Salvaterra-As Neves, a PO-400; e tamén de maneira inmediata, neste mes de agosto, procederase á instalación super-

ficial do alumeado e de gas natural.

Vázquez concluíu que desde as tres administracións implicadas estase a traballar intensamente para darlle un pulo á PLISAN, avanzando nas obras para darlle a opción, aos empre-

sarios que queiran instalarse aquí, de acceder ao solo baixo a fórmula de dereito de superficie e ofrecéndolle condicións moi vantaxosas para acceder ás parcelas, xa que os primeiros 100.000 m² se porán á venda a un prezo de 50 €/m².



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO



LVII Festa do Viño do Condado do Tea

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Mércores 24 e Xoves 25 de Agosto

20:00 h. Cata comentada de viños brancos e tintos do Condado do Tea, no Castelo de Dona Urraca.

Venres 26 de Agosto

20:00 h. Inauguración oficial da LVII Festa do Viño do Condado do Tea, no Castelo de Dona Urraca.

XXXVII Mostra filatélica con selo e mataselo especial.

20:30 h. Actuación da Banda de Gaitas Pontenova e da Charanga "Va k Pinta".

23:00 h. Concerto dos grupos Pablo Nash e os Wonder Covers e San Rockers.

Comezo das Noites Gastronómicas da Festa do Viño do Condado do Tea

Postos de comida: POLBO, MARISCO, EMBUTIDOS, TAPAS, CHURRASCO E PORCO Ó ESPETO.

Sábado 27 de Agosto

10:00 h. Cata á procura dos **Viños Deliciosos do Ano** (Concurso oficialmente reconecido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente)

11:00 h. Apertura das exposicións, postos de comida, viño, etc...

Actuación das charangas "Nova Cubana" e "Apeles" durante a xornada.

23:00 h. Actuación **KELTIA O Musical**.

Noites Gastronómicas da Festa do Viño do Condado do Tea

COS NÓSOS VIÑOS, PRODUTOS DA TERRA E DO MAR.

Domingo 28 de Agosto

10:30 h. Desfile de Bandas de Gaitas e Grupos Folclóricos.

12:00 h. Nomeamento de novos cofrades da **Cofradía do Viño do Condado do Tea e Espumosos** e a continuación declaración dos **Viños Deliciosos do Ano**.

12:30 h. Lectura do pregón da festa a cargo do xornalista **Josemi Rodriguez-Sieiro**.

Actuación das charangas "Apeles" e "Doctor Anchoa".

19:30 h. Concerto de **DOUS** e **TINO BAZ**.

Noites Gastronómicas da Festa do Viño do Condado do Tea

COS NÓSOS VIÑOS, PRODUTOS DA TERRA E DO MAR.



ADEGAS DO CONDADO:

- Viña Nora
- Jose Araujo Peña
- Fillaboa
- Señorín de Subral

- Pazo San Mauro
- Pazo de Lusco
- As Laxas
- Marqués de Vizhoja
- Maria Bargiela

- La Val
- Señorín de Rubiós
- Pazo Pandal
- Eidoseta
- Abadia de Tortoreas

- Vinicola del Miño
- Beira Aral
- Corisca
- Adrai
- Adegas Galegas

- Finca Garabelos
- Pepe Montenegro
- Pazo As Barreiras
- Valtes
- Genaros

- Señorín de Vale
- Stand do Consello Regulador D.O. Rías Baixas

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO



Máis de 1.000 persoas pasaron en xullo polas exposicións no Castelo de Dona Urraca

O Concello de Salvaterra de Miño organizou unha exposición de artes e oficios con bonecas de porcelana, no Castelo de Dona Urraca, punto onde está situada a Oficina de Turismo, que aparte de dar información sobre a propia exposición atende as visitas e da información sobre o conxunto histórico da Vila, e todo o patrimonio e diversidade que ofrece o Concello e zonas limítrofes.

Esta exposición da viguesa Carmen Costas, autodidacta que leva máis de 10 anos traballando nas labores de recopilación de bonecas e búsqueda de obxectos en miniatura, tivo unha gran aceptación, non só polos veciños e veciñas da Vila senon tamén polos centos visitantes que se desprazaron de diferentes puntos da xeografía galega e española, e incluso de outros países a visitar o noso municipio. A exposición estivo integrada por máis de 300 bonecas, Nancy antigas e bonecas de porcelana, así como por numerosos e varia-

dos obxectos en miniatura que deron un toque de gran realismo ás escenas que recreaban o modo de vida tradicional e costumes na Galicia dos nosos antepasados, e que foi visitada por máis de 1.000 persoas.

Tamén hai que destacar que na última semana, no mesmo sitio puidemos contemplar a alucinante exposición de fotografía da amazona brasileira coa que a súa autora Lucía Alonso Garrido, natal da nosa localidade, quixo compartir con todos nos o rexistro documental da súa breve experiencia, da beleza do lugar e a importancia de mantelo vivo, así como a loita dos pobos pola propia supervivencia.

As exposicións que teñen lugar no Castelo de Dona Urraca, espazo histórico declarado Ben de Interese Cultural dende o ano 1949, están abertas ó público os sábados e domingos en horario de sábados de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h e os domingos de 11:00h a 14:00h.



GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Procesión de San Lourenzo e O Son da Muralla en Salvaterra



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

O Centenário das Irmandades da Fala centra o XXX Festival da Poesia no Condado

O Centenário das Irmandades da Fala é o tema ao que está dedicado o XXX Festival da Poesia no Condado, que vai ter lugar em Salvaterra de Minho na primeira fim-de-semana de setembro. A Sociedade Cultural e Desportiva (SCD) do Condado vem de pechar um programa dedicado à primeira organização nacionalista galega e no que a poesia vai ser ainda mais protagonista.

A SCD toma o exemplo das Irmandades ao assumir o monolinguísmo em galego e homenageia a trajetória progressista e irmandinha destas agrupações, assim como a sua resistência depois da guerra civil espanhola. As Irmandades da Fala vam estar

Daniel Pérez, os 'Debuxos de negros' de Castelao (numha colecção decida pola Editorial Galaxia) e os painéis '100 anos. Irmandade da Fala de Compostela'.

Algo mais cedo que outros anos, às 20:30, arrinca a Noite nas Minas. Recitará, acompanhada dum guitarrista, a poeta Rochi Nóvoa, e dará paso à cantora Sofia Espiñeira. Esta é a única actividade de pagamento do festival; as entradas custam 10 euros (8 para pessoas desempregadas) e podem reservar-se chamado ao 671 200 160 ou escrevendo a info@scdcondado.org. À saída vai-se servir o tradicional caldo verde e sucederam-se as actuações de O Puto Coro do Exército Froilanista e

da manhã. No comboio, e fazendo ruada, vai-se poder ver de novo a Ronco&foll. A abordagem vai-se repetir no campo da festa desde as 19:00.

Durante a manhã também vai abrir a Feira de colectivos e artesanato (desde as 11:30) e a Liga Nacional de Billarda organiza, um ano mais, o Aberto da Poesia (também desde as 11:30).

A sessom vermute vai estar cheia de actividades: Raquel Castro vai apresentar o seu libro 'As terapias da doutora Leticia' (desde as 13:00) e às 13:30 intervenhem KNeves no Autoblues Chicago-Fornelos apresentando o espectáculo 'Servizo discrecional'. A sessom vermute continua até a hora do jantar com Ronco&foll.

A poesia volta às 18:00. No posto da organização, os e as poetas convidadas ao Festival estarão umha hora ao dispor das pessoas asistentes para assinar livros, especialmente a Antologia Poética que a SCD edita cada ano.

Às 19:00. Antia Otero & Isaac Garabatos apresentam 'Varia' nas Covas de Dona Urraca, e, ao rematarem, os membros do colectivo Xuventude Imbéil farán outro recital no campo da festa.

Os conteúdos poéticos péchamse na tardinha, à hora do Festival Poético e Musical, no que vam estar Emma Pedreira, Mário J. Herrero, Rui Spranger, Ana Romani, Aurora Boreal, Oriana Méndez, Jesús Castro, Manolo Pipas, Lara Dopazo e Antón Blanco.

Será na fim-de-semana do 2 e 3 de setembro em Salvaterra de Minho

Amplia-se a programação poética com recitais durante todo o sábado.

presentes através da poesia, o teatro, o cartel e o desenho, num programa ateigado de propostas culturais para a sexta-feira, dia 2, e o sábado, 3 de setembro.

Noite nas Minas

O XXX Festival da Poesia começa na sexta-feira, 2 de setembro, às 20:00, com a abertura de exposições. Apresenta-se a mostra de fotografias 'Infinito', de

Ronco&foll, e a sessom DJ de Espalda Kemada.

Jornada de poesia

O XXX Festival da Poesia incorpora durante a jornada do sábado mais recitais em diferentes espaços e modalidades. O programa começa às 12:00 coa abordagem poética no comboio de baixa velocidade, que vai percorrer as ruas de Salvaterra desde as 11:30



Mais actividades na tarde do sábado

A SCD do Condado nom abandona outras actividades tradicionais do Festival, como a Festa Infantil, que leva por título 'Cóxegas' (busca do tesouro), e começa às 17:00. Para as pessoas adultas, à mesma hora haverá umha sessom de cinema com a projeção de umha selecção das curtas premiadas no Festival de Cans e de 'Mans Mortas', de Daniel Pérez e Adrián González.

As Irmandades da Fala também vam estar presentes a través de umha representação teatral. A

comanhia Limiar Teatro traerá, desde as 18:00, às Covas de Dona Urraca, 'A lingua na boca. Letras, riscos e pensamentos de Castelao'.

O Festival remata, mas também começa, às 20:30, com o Festival Poético e Musical que apresenta Xurxo Souto. Ademais das intervenções poéticas sinaladas, Xurxo Martínez vai ler o limiar sobre o Centenário das Irmandades da Fala que escreveu para a antologia poética do XXX Festival, e sucederam-se as actuações de Zurrumalla, Sokram e Familia Caamagno, para finalizar com a sessom DJ de Selecta Alice.



Asesoría laboral, fiscal e contable

- Tramitación de todo tipo de subvencións
- Elaboración de proxectos (memorias, estudos de viabilidade, presupostos...)
- Constitución de empresas
- Tramitación de documentos oficiais
- Asesoramento médico-legal

Axespa s.l.

Asesoría, Xestión e Servizos da Paradanta, S.L.

Prta. Maiz, 8. 36440 A. Navea

Tel: 986 66 46 02 - axespa@igimatica.net

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Ala Armeria, 11 - Salceda de Caselas

Tel: 986 113 548

N.º de Galicia: S.º - Salvaterra de Minho

Tel: 986 658 529

fernando.miguez@telefonos.com

Medio Ambiente destinará 600.000 euros á mellora do abastecemento de A Cañiza

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, asinou co alcalde de A Cañiza, Miguel Domínguez, un convenio de colaboración que permitirá seguir mellorando e ampliando o sistema de abastecemento do municipio.

As actuacións consistirán nunha nova captación no río Deva e na impermeabilización do depósito existente.

O orzamento consignado a estes traballos ascenderá a 600.000 euros, distribuídos en catro anualidades e cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Así, as actuacións -que conta xa co visto bo do Consello da Xunta- consistirán na construción dunha nova captación no río Deva e na impermeabilización do depósito existente. Ata agora, o concello subministrase de mananciais, polo que, este acordo permitirá aumentar a ga-



A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, e o alcalde de A Cañiza, Miguel Domínguez.

rantía de abastecemento do concello.

A titular do departamento autonómico destacou a importancia de seguir apostando pola

máxima colaboración cos concellos galegos para a posta en marcha infraestruturas e servizos que melloren a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.

As Neves mellora a xestión do alumeadado

O Concello aumenta a eficiencia enerxética, reduce o gasto eléctrico e resolve os problemas de seguridade dos cadros de iluminación pública. Coa adxudicación de dous novos contratos, o goberno soluciona vellos problemas relacionados co alumeadado público ademais de realizar melloras que suporán un aforro e un aumento na calidade e na seguridade deste servizo municipal.

O primeiro dos contratos, por un importe de 25.773 €, corresponde ao mantemento da rede pública de alumeadado, tanto exterior coma dos edificios municipais, e inclúe unha serie de novidades entre as que destaca a incorporación dun servizo de reparación de avarías 24 h.

Outras melloras logradas co novo contrato comprenden a instalación de 26 lámpadas LED que contribuirán a un aforro no gasto eléctrico dos edificios municipais, o mantemento dos Centros de Transformación da Caña, Bata-

lláns e Outeiro, e a realización dun estudo de consumos a través das lecturas dos contadores, que permitirá resolver un problema demandado pola veciñanza.

O segundo contrato, cun custo de 20.740,01 € financiados a través da Deputación de Pontevedra, mellorará non só a eficiencia enerxética da iluminación pública, senón tamén a seguridade dos cadros eléctricos. Na liña da mellora en materia de eficiencia enerxética, instalaranse reloxos astronómicos nos cadros de alumeadado público e eliminaranse os sistemas de acendido mediante células, xa obsoletas, acadando un aforro no gasto dun 15%.

Por último, resolvendo os problemas de seguridade dos cadros de alumeadado público, colocaranse novas pechaduras nos xa existentes e farase unha revisión xeral dos aparellos de mando dos novos, situados en Liñares, Taboexa, San Pedro de Batalláns, Rubiós e outros.

Un incendio arrasa 110 hectáreas en Arbo

O maior incendio no que vai de verán no sur da provincia de Pontevedra produciuse no Concello de Arbo., chegando a poucos metros dunha ducia de vivendas na zona da Rocha.

O lume iniciouse á 01:20

horas do martes 2 de agosto en Paravedra, parroquia de Mourentán e estendeuse a zona da Igrexa de Santa María de Arbo, O Castelo, O Barandón, Feiro e a Rocha, onde chegou a poucos metros das casas.

Segundo as estimacións da

Consellería do Medio Rural afectou unha superficie de 110 hectáreas, das cales 75 son de monte arborado e as 35 restantes de raso. Máis da metade da superficie pertence a monte comunal, no que unha plantación de dúas hectáreas de piñeiro quedou arrasada.

Na extinción do lume traballaron en total 1 técnico, 9 axentes, 25 brigadas, 11 motobombas, 4 pas, 7 helicópteros e 4 avións.



Forjados Durán S.L.

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarieme, 1
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 130
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LARORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Frente á gasolín, a xunto a XES

AS NEVES

TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA
CHAPA E PINTURA Ó FORNO
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE
VARIEDADE EN RODAS

Pazo, 8
Tornaveira

tel: 986 66 74 88
36849 AS NEVES

CONDADO / PARADANTA

ARBO

21ª Festa da Lamprea Seca en Arbo

Por Edu Pérez. fotos Hernández

A cita gastronómica de este próximo 14 de agosto, ten o seu epicentro na localidade de Arbo, donde se celebra a XXI edición da festa da LAMPREA SECA, organizada polo concello de Arbo e os restaurantes da zona.

En esta xornada gastronómica que se celebra na fermosa carballreira de turbela, todo-los asistentes podrán degustar este primitivo peixe na súa variedade afumada en diversas formas de preparación que vai desde asada, rebozada, en empanada así como alguna nova receita que de seguro nos sorprenderá.

Arbo, ese concello do condado paradanta recoñecido

mundialmente pola súa lamprea, quixo fai xa 21 anos que aquela lamprea seca que servía de alimento de subsistencia para os veciños da localidade, tivese o seu día propio no calendario gastronómico galego, o igual que a súa irmá maior a Lamprea verde estilo Arbo que desde hai 56 anos e recoñecida como a primeira festa gastronómica de Galiza.

En esta ocasión esta edición conta con diversas actividades e actuacións, para que o visitante disfrute de un inolvidable día de agosto.

As 10 h començase con a Festa da bicicleta que terá o seu punto de concentración e saída

desde a plaza do concello.

As 11 h apertura dos postos de degustación, tamén pasaruas e actuacións da Asociación Cultural a VELLA BARCA e da A.C PONTE-NOVA.

As 12 h Feira e talleres de artesanía en solidariedade con os BOMBEIROS VOLUNTARIOS de Melgaço.

As 18 h actuación dos grupo de baile da asociación BARCA DE LOIMIL.

As 19 h Festival de cantos de taberna con os grupos TARXA - RUADA e SON DA KI

Xa vedes, non queda outra, o día 14 Arbo unha vez mais epicentro da gastronomía galega, ven a Vila da Lamprea.



EMILIO seguros

DECESES • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...

tel. información: 609 544 351

GASOLEOS TEA

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Campsa

Tel. u Fax: 988 81 43 12
Rosalia de Castro, 3 A GUARDA
T.F.: 988 88 13 90 - Fax: 988 88 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior
Cra. N-120
Vilacabroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Tel.: +34 986 664 434

O Xulgado da a razón ao Concello de Mondariz no despido dos dous traballadores da recollida de lixo

O Xulgado do Social nº 5 de Vigo vén de desestimar parcialmente a demanda presentada contra o Concello de Mondariz polos dous traballadores do servizo de recollida de lixo, despedidos en decembro do 2015, logo de que un informe do secretario do Concello dera conta que a contratación dos anteditos dous traballadores, realizada polo anterior Goberno local, fora realizada “en fraude de lei”.

Os dous traballadores presentaran unha demanda na que solicitaban a nulidade do despido e, subsidiariamente, a improcedencia do mesmo ao sentirse “vítimas dunha segregación laboral por motivos ideolóxicos” dada a súa afiliación ao Partido Popular.

O feito de que tanto o xuíz como o Ministerio Fiscal rexeitaran os argumentos aos que facía referencia a demanda dos extraballadores do Concello, amosa que “o equipo de Goberno sempre se adecuou á lei”, asegura o Goberno de AporM-PSOE. Na mesma sentenza, engade o Goberno que presiden Xoán Carlos Montes Bugarín, déixase claro que o único que podía facer o actual Executivo “era someterse á lei e extinguir os contratos ao non haber cobertura legal para proceder doutra maneira”.

Doutra banda, e no que á “segregación laboral” fai referencia, explica o Goberno local



de Mondariz, é o propio xuíz o que non da crédito algún a tal acusación ao sinalar, textualmente, que ata o data do anuncio de ambas baixas “se tuviera noticia de alguna queja o denuncia expresada por los actores acerca del trato dispensado por el nuevo alcalde o junta de gobierno, sin que este juzgador pueda dar pábulo a los rumores de los que se hacen eco los testigos de los actores que refieren haber escuchado algún comentario de unos anónimos clientes de un bar acerca de la determinación del alcalde de proceder al cese de los demandantes por cuestiones ligadas a su actividad política.”

O propio xuíz, na sentenza, recolle que quen lle deu o trato de contrato temporal foi o anterior alcalde Julio Alén, e di que “cabe señalar que el Decreto de la Alcaldía que autorizaba la contratación de los demandante preveía una duración hasta finales del año 2015” “lo que denota que

el propio líder de dicho partido también contemplaba un escenario de futuro cese de los demandantes”.

Doutra banda, o titular do Xulgado do Social, número 5, reconece que o alcalde Xoán Carlos Montes Bugarín, tiña escaso marxe de manobra xa que, sinala o xuíz, “...si bien al momento de adoptar la decisión del despido el alcalde era conocedor de un probable fraude en esas contrataciones, lo cierto es que como bien apunta la defensa letrada del Concello, tenía vedada la facultad de convertir en fija o indefinida una relación laboral de carácter temporal de conformidad con el artículo 10.4 de la Ley de la Función Pública de Galicia.”

En todo caso, sinala o Goberno de AporM-PSOE, o feito de optar pola extinción indemnizada do contrato, responde ao feito de que “non se pode dar cobertura e consolidar unha contratación a todas luces irregular”.

O Goberno local de AporM-PSOE, logo de coñecer a sentenza quixo deixar meridianamente clara a postura do Executivo ao sinalar, con rotundidade, que “neste Concello non entrará ninguén de xeito irregular, nin se dará amparo a ningunha situación irregular”. Do mesmo xeito engade o Concello de Mondariz que, “en canto a dispoñibilidade legal e orzamentaria o permita”, farase unha convocatoria pública “aberta e con todas as garantías legais para cubrir as prazas que se precisen para o Concello”.

Recalca o Goberno de Xoan Carlos Montes Bugarín, unha vez máis, que en todo caso “a convocatoria pública farase cun escrupuloso respecto aos principios que teñen que rexer a contratación na administración pública como son os de publicidade, igualdade, mérito e capacidade”.

O Concello de Mondariz, remata o Goberno de AporM-PSOE, “lamenta fondamente unha situación que, en ningún caso, buscou, senón que lle viu imposta por un procedemento irregular do anterior Goberno que, de querelo, podería ter resolto este tema de acordo coa lexislación vixente, evitando problemas para estes dous traballadores que exercían profesionalmente o seu traballo e para o Concello que tiñan a obriga de defender”.

A Lingua na Boca de limiar teatro no Condado e Paradanta

Limiar Teatro percorre Galicia co seu espectáculo 'A Lingua na Boca' e na súa xira de agosto fai algunhas paradas no Condado e Paradanta. Así Brais Iriarte e Fran Núñez, que son os protagonistas desta obra, estarán o domingo 7 ás dez da noite na Praza do Concello de Arbo, o venres 12 ás 10 da noite no auditorio municipal de Crecente, o xoves 18 ás 12 do mediodía na Praza do Mestre Cerviño en Covelo ou o domingo 21 ás nove da noite no Auditorio Reveriano Soutullo de Ponteareas.

'A Lingua na Boca' é un espectáculo cómico, poético e musical sobre a figura do polifacético Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Unha obra sobre o home, sobre o debuxante, sobre o médico, sobre o político, sobre o escritor. Un espectáculo sobre Galicia e a súa lingua a través dunha achega contemporánea á obra de Castelao, quen dixo aquilo de que “se aínda somos galegos é por obra e graza da lingua”. A lingua como xeito de entender e coñecer o mundo.

Curso de Graffiti en Covelo

Nos Baixos de Pavillón Municipal de Covelo, do 1 ata o 12 de setembro, de 10 a 13h. impartirase un Curso de Graffiti de 25h. O mínimo necesario é de 10 e máximo 20 participantes. Prioridade entre 14 e 30 anos e que estean empadroados, pero poderase completar as prazas con participantes doutros concellos ou que non cumpiran o requisito da idade.

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Festa da Carne Arreghlada en Mondariz e Festa do Churrasco en Covelo



LOURIÑA

O PORRIÑO



Homenaxe ao club porriñés León&Fam-Carrera de Kung-Fu, gañador no Campionato Ibérico

Alcaldesa e o concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, recibiron no Salón de Plenos do Concello aos integrantes do Club León & Fam-Carrera de Kung-Fu que ven de proclamarse Campión Absoluto do Campionato Ibérico desta especialidade.

Entres os seus integrantes, Anxo Canitrot, Andrés Alves e Alejandro Alves, levan cinco anos consecutivos quedando primeiros nos Campionatos de Galicia, España e Ibérico. Ademais o equipo fíxose, esta tempada, co Campionato Provincial e Campionato de Galicia Escolar.

Outros dos deportistas deste club porriñés, Erika Álvarez, Adrian Pestonit, Yara Iglesias, Ana Muñiz, Rubén Novo, Cristian Domínguez, Pablo Lemos, ou Sephane Fernández, entre outros, levan copando os podios das principais citas deportivas desta especialidade en categorías alevín, infantil e benxamín.

Eva García de la Torre amosou o "orgullo" de todos as porriñesas e porriñeses de ter entre os seus veciños a "deportistas como vos que sodes un exemplo de entrega, esforzo, dedicación e sacrificio".

O Concello resposta ás declaracións do alcalde pedáneo de Chenlo

O Concello de O Porriño remitiu aos medios unhas aclaracións ás declaracións públicas que fixo o alcalde pedáneo de Chenlo Alejandro Lorenzo, que reproducimos a continuación:

"Se a semana pasada eran as descualificacións ao Goberno local por parte do grupo municipal do Partido Popular en relación cos orzamentos municipais (aínda que o PP non foi quen de aprobar os mesmos cando tiña maioría absoluta na Corporación), estes días son as declaracións do alcalde pedáneo de Chenlo as que sorprenden ao goberno do Porriño.

Causa estupor que Alejandro Lorenzo manifeste que "apenas se acometeron" obras de saneamento en Chenlo cando en seis anos á fronte do Concello, o goberno do Partido Popular, do cal o señor Lorenzo formou parte, non fixo unha soa obra de extensión do saneamento, un feito que é aínda máis grave considerando que Alejandro Lorenzo leva, con este, tres mandatos á fronte da Entidade Local menor

de Chenlo, que o seu partido gobernaba con maioría absoluta o Concello e que tiña a mesma, tamén, na Deputación e na Xunta.

Esixir que este goberno que remata apenas un ano de xestión, arranxe o que aquel no que estaba Alejandro Lorenzo non fixo en seis, é un descarado exercicio de desvergoña, aínda máis considerando que, a marxe das obras iniciadas, como xa se informou hai meses, Concello do Porriño, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil e Consorcio de Aguas del Louro confirmaron un acordo polo cal, neste mandato, estarán conectadas á rede de saneamento as parroquias de Budiño, Cans, Carracido, Chenlo, Mosende-Pontellas e Torneiros.

Él mesmo sabe que o que dí non é certo xa que, nas súas propias declaracións o señor Lorenzo incorre en contradicións xa que, primeiro, asegura que o Concello non fai nada en relación co saneamento e engade, logo, que hai viais municipais polos que "está proxectado o paso do sistema de

saneamento", unha afirmación que amosa a total incoherencia das súas manifestacións que están baseadas na procura da publicidade e non nos intereses das veciñas e veciños.

En relación co estado dos viais dependentes da Deputación, hai que lembrarlle a Alejandro Lorenzo que o Partido Popular, xestionando con maioría absoluta, a Entidade Local de Chenlo, o Concello do Porriño e, coa mesma maioría, a Deputación de Pontevedra, non foi quen de facer un so arranxo das estradas provinciais que pasan pola parroquia e que levan décadas sen un mínimo mantemento.

Por contra, o actual Goberno local, non so está rematando a limpeza das pistas e vías da parroquia, como poiden comprobar os veciños estes días o cal contradice a verdón do señor Lorenzo, senon que presentó na Deputación un informe polo miúdo, das necesidades de reparación das estradas provinciais que cruzan o Concello, e mantivo xuntanzas con responsábeis do

organismo provincial neste sentido para que as obras comecen á maior brevidade posible.

Seica, do que si debería ocuparse Alejandro Lorenzo, como alcalde pedáneo de Chenlo, é de instar á limpeza de fincas e montes da parroquia, considerando o seu estado de abandono e o feito de que, como ven de alertar o Goberno de Galicia, estamos e situación de risco extremo de incendios.

Tamén tería que indicar, por exemplo, qué tipo de actividades, actos, propostas, proxectos, ideas ou ofertas de lecer, culturais, veciñais ou formativas ten para a Rectoral de Chenlo, na que a Deputación, presidida polo popular Rafael Louzán, investiu 420.000€, que Alejandro Lorenzo aseguro no seu día que "redundarían en beneficio da veciñanza que terá un novo espazo para o seu gozo", e que, como pódese comprobar ben doadamente, na actualidade é un espazo que apenas ten uso algún."

La Primavera
Floristas y Decoración
Rúa R.Soutullo, 17- PONTEAREAS
986 641 080 Particular 986 661 035
primavera@interflora.es
www.floriaprimavera.com

RIVERO Casa
RESTAURANTE
Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

expert SanFer
986 648 270
R/ Entrecíns, 12
36440 AS NEVES
www.sanfer.net
sanfer@sanfer.net

O PORRIÑO

Retirados os 8 tileiros da Praza do Cristo apodrecidos polos fungos

A Concellería de Parques e Xardíns talou 8 tileiros da Praza do Cristo que, segundo os estudos feitos nas árbores, presentan un avanzado estado de apodrecemento por mor duns fungos, que provocaron a rotura fibrilar dos mesmos.

Persoal especializado de Adoa fixo un exame polo miúdo dos tileiros e concluíu que a maioría

das árbores, que miden entre 6 e 8 metros, presentan "corpos de frutificación de fungos parasitos graves que veñen de crear apodrecementos e ocos en todos os exemplares".

Á vista destas conclusións, varios equipos, dirixidos por especialistas, empezaron coa tala dos 8 tileiros que están en peor estado e, de seguido coa retirada,

das raíces dos mesmos, na súa totalidade, xa que a súa permanencia faría imposible a replantación dado que o fungo sobreviviría e afectaría ás novas árbores que se colocasen no seu lugar.

Logo se plantarán as novas árbores, unha vez remate o proceso de saneado e desparasitado da terra.



O Concello adecenta as marquesinas da Avenida de Galicia



A Concellería de Vías e Obras realizará no mes de agosto o adecentamento e recuperación integral das 'marquesiñas' das paradas dos autobuses, na Avenida de Galicia que, segundo lembra o concelleiro Manuel Carrera, "levan en estado de abandono varios anos nos que non se fixo ningún traballo de mantemento".

A renovación das paradas, que empezou o día 1 de agosto, a fará mesma empresa que as colocou no seu día, hai xa máis de dez anos e, da cordo

cos prazos sinalados pola mesma, estará rematada nun mes.

Neste tempo se substituirán todas as placas de policarbonato da parte superior e inferior; se cambiará o forro de chapa pregada de aceiro de cor granate actual; se colocarán novos cóbados 'recolle augas'; se realizará unha limpeza integral; ademais se fará unha revisión da instalación eléctrica e se retirará, para poñer outra no seu lugar, a parte inferior que está enferruxada.

O Porriño disporá dun Prospector de Emprego

O Goberno de Galicia, por medio da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ven de aprobar a solicitude de subvención presentada

pola Concellería de Emprego do Concello do Porriño para a contratación dun Prospector de Emprego.

A achega de 21.930,30 € per-

mitirá a contratación, durante un ano, dun profesional que se encargará da realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no ámbito do concello.

Entre as súas funcións estarán a de informar aos veciños en paro sobre o mercado de traballo e as medidas e servizos ofrecidos polos servizos públicos de em-

prego, ofertas de traballo existentes e incentivos e medios para o apoio ás iniciativas emprendedoras e mellora da cualificación.

Ademais, terá que facer unha diagnose individual e personalizada de cada demandante de emprego, e se ocupará do seguimento dos itinerarios individualizados e acción para a mellora da empregabilidade, como a

busca activa de emprego, traxectoria formativa ou emprendimento.

Por último, contactará con empresas para difundir información sobre iniciativas para facilitar a inserción laboral e realizará unha prospección sobre as necesidades de persoal de cada unha das empresas coas que manteña contacto.

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO
Rosalia de Castro, 6
PONTEAREAS
Teléf. 986 660 826

almacén de pinturas
Distribuciones Farña García
Omar J. Farña Barco
GERENTE
609 366 364
Abeirera, 88 baixo • Argozanes
PONTEAREAS
Tel. 986 65 11 45

Casa Eligio
RESTAURANTE
Tel.: 986 651 047
C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

LOURIÑA

O PORRIÑO

Máis de 20.000 persoas acudiron ao "Xogos Olímpicos" Porrigalia 2016

fotos A.Hernández

Máis de 20.000 persoas acudiron a O Porriño os tres días de celebración dos 'Xogos Olímpicos' de Porrigalia. A festa, ateigada de galos e celtas, lexións romanas e tribus castrexas, aspillouse por toda a vila, dende a rúa Domingo Buen, pasando polo centro peonil, ata o Velódromo, escenario das carreiras de cuadrigas e bigas, a mostra de cabalos, aves de cetrería e loita de gladiadores.

Dende que se prende a chama olímpica no Faro de Budiño, o venres, O Po-

riño estivo tomado por milleiros de veciños e visitantes que disfrutaron do Musical Keltia, a multitudinaria actuación de Huecco, o ritmo de David Pop DJ e o show do ex piloto de motociclismo Fonsi Nieto.

Dous das propostas máis concorridas foron 'Pekegalia', unha das novidades deste ano, que ocupou o Parque do Cristo, e o ritmo dos Festicultores, que percorreron o centro da vila contaxiando ao público co seu ritmo e os seus temas populares.

Porrigalia, que nesta

veu incrementado o número de postos de comida e roupa, ofreceu máis variedade de oferta no mercado artesán, máis animación e actividades na rúa, dende o espectáculo de lume, pasando polo xantar, fotocal, ou desfiles polo centro do concello, tamén fixo que as rúas do Porriño estivesen animadas ata altas horas da noite facendo que os locais de hostalería obtivesen os mellores ingresos do ano, a falla da chegada, en setembro, das Festas do Cristo.



O PORRIÑO

Concello e Xunta humanizarán a Rúa Pontevedra

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, ven de asinar coa consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, un convenio polo cal o Concello acometerá a humanización da rúa Pontevedra con cargo ao 'Plan Hurbe', impulsado e desenrolado polo Goberno de Galicia.

Este orzamento, abrangue, da cordo co proxecto presentado polo Goberno local, a formación de beirarrúas, pavimentación do viario, nova rede de saneamento, instalación de alumado público, novo mobiliario urbano e eliminación de calquera barreira arquitectónica, de xeito que a rúa será, na súa totalidade, completamente accesíbel.

En total, a obra requirirá un orzamento de 281.581,47€, dos cales a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Terri-



rio achega unha inversión de 241.581,47€, que supón o 83,41% do mesmo, e o Concello do Porriño os 40.000€ restantes, é dicir, o 16,59%.

Eva García de la Torre subliñou a importancia da colaboración entre o Concello e o Goberno de Galicia e adiantou

que o Goberno local está acometendo iniciativas e proxectos longamente agardados polos veciños, como a extensión da rede de saneamento a todas as parroquias do Porriño, a mellora do alumado público ou o arranxo de viais, estradas, rúas e pistas en toda a vila.

A Alcadesa reuniuse co Conselleiro de Economía

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada pola concelleira de Emprego, Soledad Girón, entrevistouse o luns 7, en Santiago de Compostela, co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, para tratar varios asuntos relacionados co desenrolo económico e industrial da vila e coa problemática laboral de Frigolouro.

Eva García de la Torre plantexou ao conselleiro varias das necesidades dos polígonos industriais de A Granxa e As Gándaras, en especial o arranxo e mellora de infraestruturas de os mesmos, e a "axilización" dos distintos trámites legais que deben de cumprir as empresas que queren radicarse neles.

Conde e García de la Torre cincidiron na necesidade de impulsar medidas para a mellora da contratación e a redución do paro, coma o obradoiro de que na actualidade

se está a desenvolver no concello nas especialidades de albanelería e xardinería. Os alumnos e alumnas que están a participar nesta iniciativa rehabilitarán a escola unitaria de Covelo en Atios e levarán a cabo a restauración medioambiental do Centro de Avistamento de Aves das Gándaras.

O momento máis intenso da reunión foi o referido ás condicións laborais de Frigolouro que, como indicou García de la Torre, veñen de ser denunciadas, en constantes manifestacións e mobilizacións, polos traballadores.

O conselleiro, salientou a alcaldesa, garantiu que cada denuncia estaba en mans da Inspección de Traballo, subliñou que coñecía "polo miúdo" as queixas dos empregados, posto que moitas delas chegaron á Consellería, e asegurou que estas denuncias seguirían os seu trámite legal.



Concello do
Porriño

unha ollada diferente

LOURIÑA

O PORRIÑO

Dous policías locais sofocan un incendio nunha casa de Torneiros

Este domingo, ao redor das 23:45 horas, unha patrulla da Policía Local do Porriño, alertada polo 112 Galicia, acudiu a unha vivenda da Fase III de Torneiros para sufocar un incendio que empezara na casa, ao parecer debido a un fallo eléctrico.

Ao chegar ao lugar, os axentes comprobaron que había persoas no domicilio e, entrando na mesma, foron quen de apagar, cun extintor, as chamas que se

orixinara no interior da casa. Axiña dan aviso aos Bombeiros do Porriño que, minutos máis tarde, chegan á vivenda procedendo a asegurar o inmoble.

Unha vez que se aseguraron de que os moradores da casa estaban en bo estado, os dous axentes tiveron que ser atendidos no Centro de Saúde do Porriño por problemas respiratorios leves que non lles impediron seguir co seu traballo.

Tres detidos roubando en Cans

Axentes da Policía Local do Porriño detiveron, a madrugada do pasado domingo a tres individuos por un presunto delito de roubo con forza. Segundo informa a Xefatura da Policía, os suxeitos foron sorprendidos "in fraganti" logo de que entrasen nunha vivenda achegada ao cemiterio de Cans, tras forzar a pechadura da porta principal da casa.

Foi un veciño quen deu

aviso de que había no lugar un "vehículo sospeitoso", que non era habitual no lugar e do cal baixaron uns individuos que, axiña, entraron na casa.

Logo de facer as primeiras dilixencias, os arrestados foron entregados no cuartel da Garda Civil de O Porriño. O vehículo utilizado polos presuntos ladróns está no depósito municipal a dispor do Xulgado.



Vnoteca Eira Vella
vines, tostas, pulgas e demais...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

Programa cultural do Concello para agosto

O Concello do Porriño ofrece unha completa Programación Cultural durante todo o mes de agosto, con actuacións, bailes, animación na rúa, espectáculos, obradoiros e festas veciñais ue se desenrolarán por varios lugares da vila.

O mércores día 3, empeza a Animación na rúa, a cargo de Animar-T, ás 21:00 h., na Praza de Antonio Palacios; o xoves, día 4, no mesmo lugar, ás 22:00 h. 'Baile de Sevillanas' dirixida pola Casa de Andalucía en Vigo; o venres, día 5, ás 12:00 h., na Praza do Cristo, Animación na rúa, con 'A lingua: na boca', espectáculo cómico-poético sobre Castela.

O venres, día 5, ás 23:00 h, na Praza de Antonio Palacios, la pianista Ana Belén Rodríguez García e o seu equipo técnico e artístico, mergulla ao público nunha experiencia sensorial "chea de intres apoteósicos que non se poden describir".

O sábado, 6, ás 21:00 h., e domingo, 7, ás 11:00h, na Praza de Antonio Palacios, é a hora do 'Xadrez na rúa'.

A programación retómase o mércores, día 10 con 'A bailar!', ás 21:00 h. na Praza de Antonio Palacios; os días 11, xoves, ás 21:00 h., e 12, venres, ás 22:00 h. no mesmo lugar, Festival Musical a cargo de MasQMusica.

O mércores día 17, tamén na Praza de Antonio Palacios, Obradoiro, ás 20:00 h; o xoves, día 18, as 22:00 h. na Praza de Antonio Palacios, Concerto da Banda de Música de Taboadela, a cargo da Asociación Musico-Cultural Brisas de Sandomedio. O mércores, día 24, ás 20:00 h., no mesmo lugar Obradoiro.

Para rematar, o sábado día 27, ás 20:30 horas empeza a fin de semana da Festa de San Sebastián con 'Sardiñada e Música'; ese mesmo día ás 00:00 h. Queimada da fachada e fogos artificiais. O día seguinte, domingo día 28, Misa e Procesión, dende Santa María do Porriño, ás 12:00 h.

Ábrese o prazo de inscrición na aula CeMIT do Porriño para as actividades do outono

Aula CeMIT do Porriño celebrará cursos de dinamización de diversas temáticas nos meses de setembro e outubro.

Os interesados en participar, terán facer inscrición na oficina de Porremprego. O prazo para anotarse vai dende o 1 ata o 31 de agosto e os talleres, que son totalmente de balde, comenzarán o día 5 de setembro.

Impartiranse actividades como "Iniciación á Informática", "Iniciación a Internet", "Creación dunha conta de correo electrónico", "Redes Sociais" ou "Procura de Emprego", todas elas destinadas tanto ás veciñas e veciños como a empresas e a emprendedores.

Ademais, CeMIT conta co servizo de "aula aberta" mediante o cal a cidadanía pode acceder aos equipos con



conexión a internet co apoio do personal do mesmo.

Para inscribirse ou para solicitar máis información sobre as citadas actividades, os interesados poden dirixirse á Aula CeMIT do Porriño sita no

Multicentro de Torneiros, Rúa Ribeira s/n, a través da páxina web <https://cemit.xunta.es/>, chamar ao teléfono 986348944, ou enviar un correo electrónico ao enderezo: cemit.oporriño@xunta.es.



LIMPIEZAS PONTAREAS

Comunidades, Colegios, oficinas
crystaleras, moquetas, abrellantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas

Rúa Ar Lavandeiros, 3 Baixo
36860 PONTAREAS
Telf. y Fax: 986 661 652



TRABAJOS DE IMPRENTA

COPIAS B/N - COLOR - PLANOS
IMPRESION DIGITAL COLOR
ENCUADERNACIONES - FAX
PLOTTER - CARTELES
PLASTIFICADOS
PUBLICIDAD

Tel. - Fax 986 642 971

Jesús Bastos Martínez
629 40 17 17

C/Travador Noan G. de Guillade, 2
Ponteareas - Pontevedra
E-mail: ofmcopy@ofmcopy.com

Malvela e Treixadura no segundo Festival O Son do Pazo

O Festival Intercéltico 'O Son do Pazo' é un festival de música folk que se vai realizar en Mos, concretamente no entorno do Pazo de Mos, os días 12 e 13 de agosto. Esta vai a ser a segunda edición, para a cal contarase con grandes grupos do mundo folk; pretendendo que este Festival se convirta nun referente da música galega, tanto neste Concello como na zona sur de Galicia e norte de Portugal.

Este evento esta organizado polo Círculo Cultural e Deportivo Santa Eulalia de Mos, (con sede no Pazo de Mos), contando coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello de Mos e a Fundación Pazo de Mos.

Os asistentes a este Festival contarán cun lugar para poder realizar acampada libre e así poder disfrutar dos dous días de concertos. A acampada, totalmente gratuíta, poderá facerse no Pavillón Patricia Martínez, xunto ao Colexio Mestre Martínez Alonso de Castro-Mos. Tamén estarán abertas ao público sendas exposicións de coiro e instrumentos tradicionais durante os dous días do Festival.

A programación constará dos seguintes concertos: o venres 12 de agosto a partir das 22:00 horas apertura do Festival coa Banda de Gaitas Airiños do Castelo, seguida dos grupos Malvela e Tiruleque; e o sábado día 13 a partir das 17:00 horas concentración de coches Seat 600, dende as 20.00 horas terá lugar o Festival BailaMos, e xa ás 22.00 horas chegarán os concertos a cargo dos Gaiteiros da Ruada C.C. de Torroso, Teixadura e Akelarre Agrocelta.



BailaMos

O Festival BailaMos naceu no ano 2012 da man da concellería de Cultura do Concello de Mos como unha xuntanza de grupos de música e baile tradicional do municipio mosense, co obxectivo de facer un intercambio cultural. 'O Son do Pazo' acollerá este ano o festival de música e danza tradicionais BailaMos. Na presente edición participarán un total de 7 grupos: Grupo de baile Ruada de Torroso, Grupo Folclórico

Arume, As Zaragateiras de As Pedriñas, Agrupación Cultural A Cividade, Grupo de Baile do Círculo, Cultural Abrente, Grupo de Baile Galego Santa Eulalia, Grupo de Baile Galego Celado de Cela.

En total actuarán preto de 200 bailaríns e músicos, entre os que se atoparán os máis pequenos, os cativos de cada unha das agrupacións folclóricas mosenses participantes, que soen ser, ano tras ano, a sensación do certame.

Atín contará cunha nova senda peonil e ciclista

A Xunta iniciou os trámites de información pública a efectos de expropiación para levar a cabo un novo itinerario peonil e ciclista ao longo da estrada autonómica PO-331 na zona de Atín. Prevese unha senda cunha lonxitude de 920 metros, que implicará un investimento de 450.000 € cuns fondos que a día de hoxe xa están garantidos para a execución da actuación dentro do Plan de Sendas de Galicia. Deste modo, farase posible a comunicación peonil das vivendas e núcleos máis próximos a este treito da PO-331 coa capitalidade do concello de Porriño, e dotará dun novo acceso peonil e ciclista, directo dende a estrada autonómica, ao colexio público de Atín.

A sección que se vai executar contará cun firme de formigón con cor e garantirá un ancho mínimo de 1,8 m libres para o

tránsito. Isto permitirá que as persoas que se despracen pola senda teñan un espazo suficiente como para transitar e cruzarse comodamente.

Para poder acometer a actuación será necesaria a expropiación de 1.453 m², cun custo estimado de adquisición dos terreos de 10.152 €.

A maiores realizaranse mellores como un novo acceso peonil e ciclista ao colexio de Atín desde a PO-331, cun ancho de 3 metros e 200 metros de lonxitude. Mellorarase a intersección da estrada de Pereiras, habilitando un cambio de sentido que mellora a funcionalidade da PO-331, habilitarase rebaixas nos treitos existentes de beirarrúa da marxe dereita da PO-331 e instalarase un colector de saneamento que permitirá conectar as vivendas da zona co sistema de saneamento do Louro.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Praia do Muíño acolleu o XXV Concurso de Figuras de Area

O domingo, día 24 de xullo, a Praia do Muíño acolleu unha das datas máis tradicionais do verán guardés, o Concurso de Figuras de Area, que este ano chegou á súa XXV edición.

Con motivo do seu 25 aniversario mudáronse algúns aspectos dun concurso no que levan participado xa varias xeracións de guardeses e guardesas, moitos pais e nais dos actuais concursantes. A principal novidade está nas categorías. No apartado individual houbo tres categorías segundo a idade: de 3 a 5 anos, de 6 a 10 e de 11 a 16 anos. Outra posibilidade era participar en grupos, unha modalidade na que había dúas categorías segundo a idade media; unha categoría ata 9 anos e outra a partir dos 10.

A partir das 12 horas deu comezo a proba, para a cal os participantes tiñan un espazo limitado e marcado na area. As categorías individuais dispuxeron dunha hora e as grupais dunha hora e cuarto, polo que o tempo para realizar as figuras rematou ás 13,15 horas. A partir dese momento hora o xurado, formado por tres xuíces por categoría, comezou a súa deliberación, unha labor complexa dado o alto nivel das obras propostas.

Por último, e antes que os participantes puideran desfrutar dun soleado día de praia, anunciáronse os premiados, que reci-

biron unha medalla como agasallo. Os gañadores das diferentes categorías foron:

Nas categorías individuais:

.De 3 a 6 anos:

1º – Noa Carneiro González

2ª – Sabela Mauri Cadilla

.De 6 a 10 anos:

1º – Natalia Rodríguez Freitas

2ª – Nuria Martínez Alonso

.De 11 a 16 anos:

1º – Mimi Verde González

2º – Lara Rial Vicente e Sara Martínez Alonso (empatadas)

Nas categorías grupais:

.Pequenos: idade media ata 9 anos:

1º – Grupo nº 6 formado por Tecla Baz Baz, Alba Baz Baz, Daniela Rodríguez Adrover e Alicia Barciela Cacheiro.

2ª – Grupo nº 7 formado por Inés Cividanes González, Alba Vicente Cividanes, Irene Vicente Ci-

vidanes e Lea Picallo Álvarez.

.Maiores: idade media a partir de 10 anos:

1º – Grupo nº 8 formado por Lucía Ameal Pereira, Laura Álvarez Pérez, Eva Vicente Cividanes e Andrea Verde Mateos.

2º – Grupo nº 4 formado por Lucía Mínguez Quiroga, Raquel Quiroga Álvarez e Ruth Quiroga Álvarez.

Deste xeito concluíu unha nova edición do Concurso de Figuras de Area da Praia do Muíño. O Concello da Guarda agradece e da a noraboa ós 119 nenos e nenas que participaron este ano, facendo desta XXV edición unha das máis exitosas e convidando a todos e todas a volver o ano que ven e así manter a que xa se converteu nunha cita imprescindible do período estival para as familias guardesas.



Remata o campamento urban de verán

Con final do mes de xullo, tamén chegou ó seu remate o Campamento urbano de verán que se ven celebrando durante as mañás de todo o mes na Guarda.

Neste mes os cativos que participaron no Campamento puideron participar en diferentes actividades e aprender algunhas habilidades, como o baile. Tras varias xornadas de ensaio quixeron representar para os seus familiares, presentes na clausura do Campamento o venres día 29 de xullo á que tamén asistiu

a Concelleira de Xuventude Elena Baz, un baile grupal no que se mesturaban diversas pezas musicais coas que ían danzando.

Con esta iniciativa dende o Concello da Guarda buscou ofrecer unha alternativa lúdica e educativa aos rapaces e rapazas no tempo libre do verán e axudar aos pais e nais a conciliar vida familiar e laboral. Estes obxectivos parecen acadados, dado que moitos rapaces e rapazas quedaron con ganas de máis e de seguro repetirán o vindeiro ano.



A GUARDA

A xuventude fotografía os recunchos da vila no Concurso Selfie #viveaguarda

Cada día A Guarda aumenta a súa popularidade como un dos puntos da provincia de Pontevedra preferidos polos turistas que se achegan a Galicia, pero aínda queda moito por descubrir e moitos recunchos por coñecer, incluso para os propios veciños e veciñas da vila.

Co obxectivo de dar visibilidade a estes recunchos máis significativos da vila, así como para mostrar a beleza e sensibilidade coa contorna privilexiada da Guarda, o departamento de Xuventude do Concello da Guarda ven de crear o primeiro Concurso de Selfies VIVE A GUARDA.

Para participar nesta iniciativa, que tamén busca fomentar o traballo artístico da mocidade, os participantes deben facerse unha fotografía a eles mesmos, un "selfie", no que se poda apreciar algún lugar destacado da Guarda. Poderán enviar as súas fotografías os rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, sempre que nos caso dos menores de idade contén con consentimento expreso dos pais, nais ou titores

legais, entregado no Concello de A Guarda no Departamento de Cultura do Concello de A Guarda.

O concurso inclúe dúas modalidades, individual e en parella. En calquera das dúas os participantes deben ser os protagonistas da imaxe e só poderán presentar unha proposta.

Esta pode ser remitida en formato dixital a través de dúas redes sociais, Instagram ou Facebook. En ambos casos os concursantes subirán a imaxe ó seu perfil de dita rede social, acompañándoa coas etiquetas ou hashtags #vivea-

guarda e #concursoselfies. Ademais, en Instagram hai que etiquetar ó perfil @viveaguarda e no Facebook compartilo na páxina "Xuventude A Guarda".

O prazo para presentar os selfies remata o vindeiro día 31 de agosto. A partir desa data tres xuíces deliberarán sobre cal das obras presentadas debe ser a elixida como vencedora, tendo en conta os criterios de calidade técnica e artística, a orixinalidade e a adaptación ós obxectivos e normas do concurso, que poden consultarse na páxina web do Concello da Guarda www.aguarda.es (onde se inclúe a autorización para os menores).

Os traballos que resulten gañadores, e que se coñecerán o día 5 de setembro, ademais de ser premiados cunha cea ou comida no Forte (A Guarda), tamén formarán parte da campaña "VIVE A GUARDA 2016" que está a impulsar o Concello da Guarda. Por isto anímase a todos os mozos e mozas a participar e axudar a dar visibilidade a todos eses lugares que fan da Guarda.



"Música nas Prazas" da Guarda

O programa "Música nas Prazas", organizado polo Concello, busca levar a música e as actividades culturais ás prazas das diferentes parroquias da vila.

A cantante pop Carmen Johns, autora que participou no festival Portamérica dos dous últimos anos, abriu o programa cunha actuación o 29 de xullo na Praza de Santo Tomás.

A próxima cita terá como invitado a un dos grupos que están a revolucionar a escena musical actual: 'De Vacas'. Esta actuación será na Praza do Reló, o venres

26 de agosto.

As tres actuacións seguintes estarán ofrecidas por grupos guardeses. O venres 16 de setembro o grupo punk rock 'Unabombers' tocará na Praza de San Caetano. O xoves 22 de setembro será a quenda de Songodin's, que interpretará as súas versións de cancións coñecidas na Praza de Salcidos. E para rematar esta primeira edición de "Música nas Prazas" o grupo 'Nobles' actuará, co seu estilo persoal ó que eles mesmos denominan gas noble, o venres 30 de setembro na Praza de San Amaro.

Curso de Funky na Guarda



O concello da Guarda acollerá a finais de agosto e principios de setembro un curso de funky como parte do programa "Depo Rúarte" organizado dende a Deputación de Pontevedra.

Esta iniciativa vai dirixida a rapaces e rapazas de 14 a 30 anos.

O prazo de realización do

curso será do 29 de agosto ao 9 de setembro, de luns a venres en horario de mañá, entre as 10,30 e as 13 horas no Ximnasio Municipal. Todos os que desexen anotarse a esta actividade terán como prazo de inscrición ata o 19 de agosto no Rexistro do Concello da Guarda de 8 a 14 horas, de luns a venres.

Para inscribirse terán que achegar un formulario de solicitude, que poden descargar na web <http://www.depo.es/>; unha fotocopia do DNI e o empadramento.



BAIXO MIÑO

A GUARDA / TOMIÑO

Exposición Un mar de emocións, no Centro Cultural de A Guarda

O mar e a súa xente son unha das señas de identidade de Galicia como país, un símbolo de unión dos galegos e galegas, alá onde se atopen. Esta importancia do mar e a sensibilidade especial que este desperta poden apreciarse na exposición "Un mar de emocións" do Grupo On que se ven de abrir ó público este pasado martes día 2 de agosto no Centro Cultural da Guarda.

Trátase dunha iniciativa que xurdiu das redes sociais. En concreto, dun grupo de Facebook no que fotógrafos con afinidades semellantes compartían a súa obra. Certo día decidiron materializar ese traballo que compartían nestas plataformas sociais e plasmarlo nunha exposición. En primeiro lugar a mostra estivo na Coruña, onde tivo un gran éxito e gustou tanto que decidiron traela tamén á Guarda, ampliando o número de fotos que acolle a mostra, especialmente da costa local.

A exposición recolle fotografías

e vídeos da costa galega realizados por 19 autores que reflexan a impresionante beleza e forza do noso mar. O obxectivo é que a xente poida desfrutar do que hai na costa e apreciar o que temos á beira da casa un pouco máis. No caso dos 4 vídeos de José Carlos Castro Martínez que se reproducen na exposición, a idea é permitir ver aquilo que vai moi rápido a cámara lenta para así apreciálo mellor, e acelerar o mundo invisible do fondo do mar que a simple vista parece inmóvil e sen vida.

A exposición poderá ser visitada ata o sábado 20 de agosto. O horario de luns a sábado é de 10,30 a 14 horas e de 19 a 22h pola tarde. Os domingos está aberto de 19 a 22 horas. Tanto dende o Grupo On como dende o Concello da Guarda, que colabora con esta exposición, animase a todos os guardeses, guardesas e visitantes a aproveitar estes vindeiros días de tempo libre para ollar estas impresionantes e sobrecolledoras obras no Centro Cultural da Guarda.



Os teixugos seguen a acadar premios en competicións estatais



Nos últimos días os Teixugos do Club Deportivo do Miño veñen de acadar varios triunfos en competicións estatais. O Teixugo Manuel Ochoa proclamouse Campión de España Junior de Slalom na modalidade de Caia no Campionato de España de slalom en Sort, que é a derradeira e máis importante proba da Liga española de slalom olímpico, ao que acudiron cerca de 300 deportistas de todo o estado. Neste mesmo campionato acadaron moi boas posicións as deportistas Laura Soutelo, 9ª en K1 muller junior, Andrea González, 17ª en K1 muller senior, Marco Patiño, 20º en K1 home cadete, Brais Castro, 4º na mesma categoría e rozando o bronce, Luís Fernández 4º en C1 Sénior e Emilio Rodríguez, Bronce en K1 veteranos.

Pola súa banda Ariadna Pereira acadou o bronce no Campionato de España de Promoción en Sort, Categoría infantil, o que pon o broche a unha tempada de excelentes resultados para o clube tomiñés.



Citanía
Mobiliario & Descanso
 Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
www.facebook.com - info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

José A. Cabaleiro R.
 Fontanería - Calefacción - Electricidad
 Bombas Sumergibles - Piscinas
 Placas Solares Térmicas - Biomasa
Telf.: 639284063
 e-mail: jacrielo@hotmail.com
 Cerqueiral nº8A - Po 36471 - Entienza

ElectroGranxa
 ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO
Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com
www.electrogranxa.com
 Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 259 - Nave 3, 36400 PORRINO - Pontevedra

Tui conmemora o 125 aniversario dos Xogos Florais de Galicia

O Concello de Tui, co colaboración da Real Academia Galega, conmemorou o 29 de xullo, o 125 aniversario dos primeiros Xogos Florais de Galicia celebrados en Tui o 24 de xuño de 1891 sendo daquela o primeiro acto público celebrado integralmente en galego.

O programa comezou as sete e media da tarde no salón de sesións da casa do concello coa intervención do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero. No mesmo ofreceron un pequeno concerto de violín as irmás Sara e Raquel Areal Martínez.

Posteriormente, nun paseo musical acompañado pola Banda de Gaitas de Guillarei, a actividade trasladouse ata a praza de Fromista, onde está situado o Teatro Principal que acolleu en 1891 os Xogos Florais. A lectura do mesmo texto que Manuel Murguía pronunciou hai 125 anos e a actuación da Banda de Gaitas de Guillarei completou o acto presentado por Manuel Vázquez de la Cruz.

Fai 125 anos, o 24 de xuño de 1891, o Teatro Principal de Tui acollía un evento único, inédito e que pasaría a historia como un fito fundamental para cultura e a lingua galega. Trátase dos Xogos Florais de Galicia nos que se empregou o galego por primeira vez nun acto institucional. Manuel Mur-



guía, converteríase aquel día no primeiro intelectual en dirixirse ao público integralmente en galego, lendo un discurso que constitúe un compendio do seu pensamento historicista e reivindicador e no que sinalaba que o principal obxectivo era "o renacemento dunha nacionalidade case morta e esquecida por medio da literatura, das tradicións e da historia". Comezou aquel histórico discurso Manuel Murguía saudando "á vella cidade en que ten lugar por primeira vez a que de hoxe en diante será a festa da nosa nacionalidade".

Tratábase deste xeito nun acto de exaltación e defensa da

nosa lingua que tiña como novidade precisamente empregala de xeito oficial nun acto político-literario. Os Xogos Florais de Tui foron organizados pola Xunta Rexionalista de Tui, fundada en abril de 1881, unha das primeiras en organizarse en Galicia. As Xuntas Rexionalistas que agromaban en Galicia tiñan, amais, un marcado carácter integrador e pluralista ao estaren integradas por democratas, liberais, federalistas e conservadores católicos procedentes do tradicionalismo e o carlismo.

Tui celebra deste xeito o 125 aniversario dun evento histórico para a cultura galega no

que se premiaban composicións en galego e castelán de diversos xéneros, como no caso tudense, a poesía.

Como resultado da importancia dos Xogos Florais de Galicia en Tui acuñouse, nese mesmo ano, unha medalla batida polo xoieiro Enrique Pérez e na que se pode ler, nunha das súas caras, "Surge et ambula" –érquete e camiña, en clara referencia á necesidade de recuperar o idioma galego e lograr a unión dos galegos para preservar os intereses de Galicia– e, na outra cara, "Tuy, primeira convocatoria ano MDCCCLXXXI – Consistorio dos Xogos Florais-Galicia".

A área de autocaravanas conectouse ao sistema de saneamento

A área de autocaravanas situada na Avenida de Portugal vén de ser conectada ao sistema de saneamento xeral, de tal xeito que os vertidos dos usuarios deste espazo van directamente, ao través dos colectores, á EDAR de Guillarei. Deste xeito, coa obra acometida polo Consorcio do Louro, elimínase a fosa séptica que ata o de entón recollía as augas fecais. O elevado número de autocaravanas que empregan esta área facía que a fosa séptica tivese que ser baleirada frecuentemente co conseguinte desembolso económico.

Deste xeito mellóranse os servizos desta infraestrutura turística que con conta cun gran número de usuarios ao longo de todo o ano.

Exposición "Acollida e hospitalidade no Camiño de Santiago" na Área Panorámica

A Sala de Exposicións Municipal na Área Panorámica acolle dende o luns, 8 de agosto, e ata o 4 de setembro a exposición "Acollida e hospitalidade no Camiño de Santiago". Na mesma recóllense fotografías realizadas por Manuel G. Vicente achegándonos a súa propia visión da peregrinación a Santiago.

A exposición abrirá de luns a venres de 9 a 21h e os sábados de 9 a 13h.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

NOVAS DA RAIA

A Deputación aspira a "borrar a fronteira do Miño" co impulso á nova ponte peonil entre Tomiño e Cerveira

A Deputación de Pontevedra, o Concello de Tomiño e a Cámara de Vila Nova de Cerveira asinaron un protocolo de colaboración para realizar o concurso de ideas que definirá a imaxe da nova ponte peonil sobre o río Miño.

O acto desenvolveuse no Espazo Fortaleza de Goián, onde foi asinado o protocolo pola presidenta da Deputación, Carmela Silva, o presidente da Cámara de Vila Nova de Cerveira, João Fernando Brito, e a alcaldesa de Tomiño, Sandra González. Posteriormente as autoridades trasladáronse en barco ao parque do Castelinho, onde houbo un 'vinho verde de honra'.

O deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, explicou que a institución provincial apoiará financeiramente o concurso do proxecto, que opta aos fondos europeos do programa Interreg V A (POCTEP) España-Portugal 2014-2020.

Segundo explicou o representante provincial, a Deputación porá en marcha este ano o concurso de ideas para a selección do proxecto da ponte, elaborando os requisitos do prego de condicións e contratando os estudos xeotécnicos, topográficos, así como de calquera outra índole técnica para realizar o traballo. A decisión de optar por un concurso de ideas para esta construción debeuse, en palabras de Benítez, á súa "trascendencia e simbolismo" tanto polas características ambientais que terá como polos obxectivos estratéxicos de cooperación transfronteiriza dos concellos implicados e da propia Deputación provincial.

O obxectivo da construción da ponte é a unión do Parque Castelinho de Vilanova de Cerveira e o Espazo Fortaleza de Tomiño, dous espazos de ambas beiras do río Miño que se unirán nunha única área de lecer e espaxamento, de carácter singular e proxección eurorexional. Esta será unha localización xestionada de xeito conxunto para promocionar iniciativas de animación cultural e tradicionais, de ocio, deporte, coñecemento da memoria ambiental do río comúns dos dous lados do río. "Preténdese fomentar a identidade europea, o sentido de pertenza común dun



espazo que naturalmente xa constitúe unha unidade, -asegura Benítez- xa que se trata do treito máis estreito do río, con só 180 metros de distancia, que a xente historicamente percorría a nado porque consideraba súas tanto unha beira como a outra".

Así, a realización da nova infraestrutura peonil permitirá incrementar as relacións entre ambas comunidades cunha comunicación directa dos núcleos urbanos de Goián-Tomiño e de Vilanova de Cerveira. Ademais, a ponte facilitará a comunicación eurorrexional ferroviaria, xa que a estación da vía Vigo-Porto (en proceso de modernización) está situada nas inmediacións do Parque de O Castelinho e pasará a ser facilmente accesible para os veciños da contorna.

A construción da nova ponte vén de presentarse para cofinanciamento á primeira convocatoria do programa INTERREG VAI España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 como parte dunha acción denominada 'Cualificación e promoción do Parque Transfronteirizo Castelinho-

Fortaleza', dentro da candidatura denominada 'Conservación e Mellora do Río Miño Transfronteirizo. Visit Río Minho'. Esta foi promovida pola Deputación de Pontevedra xunto á Comunidade Intermunicipal de Alto Minho (CIM) e municipios portugueses do río en xaneiro deste ano.

Hai que lembrar que a Axenda Estratéxica de Cooperación Transfronteiriza Cerveira-Tomiño 2015-2010 establecía a construción dunha ponte-travesía peonil como un dos obxectivos prioritarios, xa que "axuda a promover as relacións sociais, comerciais e culturais existentes entre as dúas comunidades". Así mesmo, cumpre tamén outro eixo estratéxico relativo á mobilidade transfronteiriza, xa que fomenta a mobilidade a pé entre os núcleos de Vilanova de Cerveira e Goián, ademais do transporte público a motor e mediante o tren.

A presidenta Carmela Silva destacou a necesidade de dar "luz ao río Miño" coa creación da ponte e do parque transfronteirizo, do que sinalou é único no Mundo polo

contorno natural no que está. "Dicir que é único no mundo non é localismo nin chauvinismo. Hai poucos lugares de tanta beleza e potencialidade. É preciso preservar estes espazos e encheiros de contido humano", dixo, para engadir que a Deputación de Pontevedra "ten un compromiso moi especial con este territorio, cos concellos pontevedreses e portugueses, porque é inentendible que funcionen por separado en lugar de xuntos". Así, Silva subliñou que a construción da ponte "é unha idea de obrigado apoio" e que considera "un luxo que concellos como Tomiño e Cerveira nos pidan que impulsemos un proxecto que deixará pegada nesta e nas vindeiras xeracións".

Pola súa banda, a alcaldesa de Tomiño, Santra González, sinalou que o seu concello e o de Vilanova "sabemos moito de atravesar pontes, de nadar ríos, de tender lazos, de coñecernos e recoñecernos na distancia, de desfronteirizar" e subliñou que ese camiño deu hoxe, coa sinatura do protocolo, "un paso firme cara

adiante, paso que se ve respaldado pola presenza da Deputación de Pontevedra".

Finalmente, o presidente da Cámara de Vila Nova de Cerveira, João Fernando Brito, agradeceu á Deputación a grande receptividade para colaborar neste tipo de actuacións. "As pontes culturais, de unión común que hai entre os veciños das dúas beiras do río son as que levan á necesidade de pontes físicas que permitan o achegamento. Non debe ser ao revés, e no caso deste protexito sa institucións veñen de atender unha necesidade que dará lugar ao primeiro europarque da península", subliñou.

Os fitos máis recentes de cooperación transfronteiriza entre os concellos de Tomiño e Cerveira fixéronse efectivos na firma da Carta da Amizade Cerveira-Tomiño (2014), a construción da Ponte da Amizade en 2004 -infraestrutura para a comunicación rodada-, e a elaboración conxunta de a Axenda Estratéxica de Cooperación transfronteiriza Cerveira-Tomiño 2015-2020.

Empresários melgacenses apresentaram Associação Empresarial Minho Fronteiriço



Um grupo de empresários melgacenses reuniu-se para dar forma e elaborar, enquanto comissão instaladora, o plano do que será a associação empresarial. Com sede em Melgaço, a instalar-se no antigo posto de Turismo, mas com estatutos e nome que englobam o território minhoto até ao limite das suas fronteiras, sem esquecer a Galiza (cujos municípios mais próximos não tem qualquer organismo que represente as suas empresas), o projecto começa agora a dar os primeiros passos na cativação do interesse empresarial e popular.

Nesta sessão, a comissão instaladora deu nota das datas do processo que cumpre os princípios democráticos para a formação da equipa que irá representar os associados. Assim, até 10 de Outubro decorre o período de entrega de listas candidatas e a 17 de Outubro serão apresentadas as listas que concorrerão à eleição, marcada

para 7 de Novembro.

A designação da associação, de propósitos abrangentes, foi consensual e elogiada por populares, empresários e pela autarquia, foi motivada em parte pela vontade associativa de empresários de fora do concelho, como conta Paulo Afonso a este jornal. “O nome foi escolhido de forma a poder englobar mais concelhos vizinhos e também os espanhóis, para que possam identificar-se com a associação e queiram integrar a equipa de trabalho. Precisávamos de um nome que não restringisse este trabalho”, notou.

Sobre o interesse que o projecto cria fora de portas, o empresário dá nota das suas percepções. “Tenho conversado com empresários de Monção que estão tão descontentes com a associação de Monção como estávamos nós, em Melgaço. Surpreendeu-me saber que os monçanenses estavam tal como nós, e foi o pedido

deles que nos levou a fazer esta abertura para poderem entrar nesta associação”, esclareceu.

Assegurando poder vir a ser uma ferramenta de apoio na agilização de instrumentos de apoio financeiro, jurídico ou nas bolas de emprego, a associação quer congrega esforços para poder trabalhar.

“O tecido empresarial melgacense está bastante rejuvenescido. Demo-nos conta, com as tertúlias que temos feito, que nos últimos vinte anos os empresários são jovens. Cabe-nos agora a nós dar a volta à situação e fazermos a diferença. Esta união nunca existiu até agora, e as novas mentalidades podem fazer a diferença toda neste projecto”, observou o membro da comissão instaladora, Paulo Afonso.

A Associação Empresarial Minho Fronteiriço já tem site, em aemf.pt, assim como página na rede social Facebook, onde serão divulgadas novidades e acções a desenvolver.

18º Arte na Leira ata o 21 de agosto en Caminha

Arrancou o 16 de Julho a 18ª edição da Arte na Leira, marcada pelo lançamento do livro “Mário Rocha: Retrato de uma vida”, sobre a vida e obra do mentor deste evento, que há 18 anos consecutivos dá visibilidade e prestígio a Serra D’Arga e o concelho de Caminha. Nesta edição, que pode ser visitada até 21 de agosto, há numerosos trabalhos para admirar e/ou adquirir, nas áreas da pintura, escultura, tapeçaria, cerâmica, fotografia, moda e design, entre outras.

Numa mesa moderada pelo presidente do Instituto Politécnico de Viana do Castelo, Rui Teixeira, coube a Isabel Pires de Lima a apresentação do livro “Mário Rocha: Retrato de uma vida”. A ex-ministra da Cultura é ela própria uma apaixonada pela Serra d’Arga e profunda conhecedora do evento que tornou a Casa do Marco, em Arga de Baixo, uma referência nos roteiros culturais e das mostras de arte moderna.

Sobre a obra, mas sobretudo sobre Mário Rocha, falou com entusiasmo em plena eira da Casa do Marco, sublinhando as três regiões que influenciam trabalho do artista, desde logo o

Alto Minho, mas também o Douro e o Alentejo. Essas inspirações estão patentes nas numerosas obras de Mário Rocha, dispersas por vários locais em Portugal e no estrangeiro. A partir de agora é porém possível re-visitar uma boa parte dessa imensa coleção, através das páginas do novo livro.

Na abertura da mostra houve ainda um animado desfile de roupas, com padrões inspirados no Minho, da autoria de Isabel Lima, uma das artistas convidadas da Arte na Leira 2016, a que se juntam Rico Sequeira, Luís Coquenão, Jean Pierre Porcher, Jaime Silva, Ana Lima Netto, Cecília Guimarães, António Carmo, Marco Rooth, Dilar Pereira, Juliana Sá, Lara Lavey, Luís Paupério, Mafalda Ayres, Manuel Lima, Mário Rebelo, Marion Ache, Miguel Silva Rocha, Rita Sá Lima, Rita Sá Machado, Túhárágen e Joana Caçador.

Participam também os institutos politécnicos de Bragança, Porto e Viana do Castelo, o Festival de Cans de Curtas Metragens, a Associação do Porto de Paralisia Cerebral, a CAL – Comunidade Artística Limiana e o Instituto Português de Fotografia.



TODOCONDADO

a guía dixital das comarcas de O Condado e A Paradanta

OPINIÓN

Por: Manrique Fernández

Manifesto do Día Nacional de Galicia – Día da Patria Galega en Ponteareas

O país de pedra

Galicia é un país de pedra: “Unha magnífica pedra deitada no mar e soldada á Península Ibérica, no ocidente europeo,” dixo un día Manuel Rivas. E leva razón: é un país de pedra histórica, rabuñada polo paso do tempo e os seus aconteceres, testemuña de épocas pretéritas; é un país de pedra granítica, baseamento de todo o pobo que a habita, das súas grandezas e das súas miserias. Un país pétreo, megalítico, recio e baril; unha gran estatua esculpida de vagar, bañada por dous mares e refrescada polo amplo verdor que aflora entre as fendas desta gran lastra.

Neste país de pedra celebramos o 25 de xullo, día de Santiago Apóstol, o que chegou a estas terras nunha barca de pedra, tal e como nos di a tradición oral. E aproveitamos a celebración para darnos unha ampla aperta de irmandade conmemorando o noso Día Nacional, o Día da Patria Galega, da patria de pedra, instituído fai case cen anos pola agrupación compostelá das Irmandades da Fala.

Dende que en 1919 decidiron conmemorar esta data, a idea da celebración foise espaxando polo país de pedra, cos altos e baixos derivados da nosa triste historia do século XX. Pero sempre houbo galegos que, fose na súa terra, fose dende latitudes alonxadas, celebraron o acontecemento coa magnificencia que un acto destas características precisa. Porque este país de pedra, ledado e amigo das celebracións, do irmanamento e da confraternidade, é quen de entenderse alén dos seus límites; ata de

atravesar o mar para chegar a outros continentes, sen deixar de ser el mesmo.

Pero Galicia, o país de pedra, non nos pertence. Porque Galicia chegou a nós, aos seus habitantes actuais, como unha herdanza senlleira e única, coma un legado que vai pasando de xeración en xeración, puíndo e desbastando as súas imperfeccións. Tal é o sentido da palabra “patria”, que leva nos seus xenes o termo latino do que procede: “Pater” (pai). Malia que, neste caso, ben podería ser “matria” polo papel que as mulleres xogaron ao longo de toda a nosa historia. Herdanza pétreo, logo, dos nosos pais e das nosas nais. E iso é o que hoxe conmemoramos todos os galegos.

Nun país coma este, coma calquera país, o concepto de patria arrastra consigo non só o lugar no que chegamos a este mundo, que ben pode ser puramente accidental, senón un sentimento de pertenza a unha colectividade, a un grupo semellante a nós, a un entorno no que nos sentimos agusto, como acubillados no colo das nosas nais.

Galicia, o país de pedra, é terra de poetas. Un deles, o chairego Manuel María, a quen adicamos este ano o Día das Letras Galegas, expresábo nos seus versos con estas sinxelas palabras:

Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...

Pero hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Si. Un sentimento pétreo de pertenza a un grupo específico. Un sentimento defen-

dido ao longo da nosa historia por homes e mulleres de prol aos que debemos recoñecer o seu traballo, sobre todo a aqueles que o fixeron cando as circunstancias históricas non eran favorables. Pero non podemos perder a perspectiva e debemos ter en conta que se eses homes e mulleres tiveron algo que defender, algo polo que loitar, foi porque outros antes ca eles foron capaces de construír ese algo.

Un día coma o de hoxe, 25 de xullo, o de 1948, na lonxana cidade de Bos Aires, Castelao lía o seu lembrado discurso “Alba de Gloria”. Naquela disertación percorría a historia de Galicia da man dalgúns dos persoeiros máis salientables que deu esta terra nunha especie de peregrinación que el presentaba coma unha procesión da Santa Compañía. E, chegando ao final, deixa caer estas atinadas verbas:

Cando a Santa Compañía de inmortaes galegos se perda na espesura dunha foresta lonxana, veremos xurdir do Humus da terranaí unha infinda moitedume de luciñas e vagalumes; son os seres innominados que ninguén recorda xa e que todos xuntos forman o substractum insobornabel da patria galega. Esas ánimas sen nome son as que crearon o idioma en que eu vos estou falando, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos usos e costumes e, en fin, o feito diferencial de Galicia. Elas son as que, en longas centurias de traballo humanizaron o noso territorio patrio, as que gardan e custodian os legados múltiples da nosa tradición. Esa moitedume de luciñas representa o pobo, a enerxía colectiva, que nunca perece. Esa infinda moitedume de luciñas e vagalumes representa o que nós fomos, o que nós somos e o que nós seremos sempre, sempre, sempre.

Unha historia común, unha lingua común e, sobre todo, unha cultura común: un xeito de entender o mundo diferenciado doutros grupos. Velaí a esencia do galego.

Permitídemme que peche esta intervención con outra cita literaria, e que recurra de novo a Manuel María. En 1977 publicou un libríño titulado “Poemas para construír unha patria” no que se inclúe o titulado “Patria herdada”. Dese poema son os versos seguintes:

Os símbolos que nos legaron
os nosos pais, e que a eles
lles transmitiron os avós
e estes recibiron,
á súa vez, dos bisavós,
son ben sinxelos:
a fouce
que forxou e templou
Rosalía,
que afiaron
Pondal/Curros/Cabanillas,
que usaron os agrarios.
E unha bandeira -a nosa-
azul e branca.
Nós recollemos con amor
e paixón estes símbolos
e deixáremosllos un día
aos que veñan detrás,
enriquecidos
coa espiral que significa
luz/vida/irmandade...

Esa é, no fondo, a mensaxe deste relato: a nosa misión, habitantes deste país de pedra, non é outra que a de manter a nosa esencia e tratar de melloralala, para deixarlle en herdanza aos que veñan detrás. Así o fixeron os que estiveron antes, e tal debe ser o facho que guíe os nosos pasos.

¡Viva Galicia!

Mero

por: Baldomero Iglesias Dobbarrio

Algo novo?

Que pasa co noso nacionalismo? As eleccións que veñen aventúranse non só crúas, senón crueis! Doidos en carnes estamos. O noso nacionalismo debe pasar por riba das siglas para ser ese sentir que firmemente levamos dentro, irrenunciable. O mesmo que nos fai doernos nos desprezos ou menosprezos que sufrimos non só na Lingua, senón en nós mesmos, cun agravio comparativo no que sempre levamos as de perder. A dor esta, que nos castiga e que, ao mesmo tempo, nos concilia e unifica para obrigarnos a sabernos xuntos, sabendo tamén quen temos diante. Damos por sabido que, antes dos nosos intereses particulares, está a dignidade da orixe. Aínda así, algo non funciona ben, iso está claro. Nas últimas eleccións houbo partidos “inexistentes”, sen proxecto para nós, que sacaron máis votos ca os nosos. Debemos asumir unha función crítica para dicir o que a moitos non lles

guste oír, meter o dedo na ferida, romper este consenso de silencios que acaba con nós, que nos asolaga en disparates e falsidades teimosas. Ocorreseme que, primeiro, haberá que asumir culpas. Terá que haber responsables de como se fan ou como se fixeron as cousas! Alguén por aí?

Despois, recoñecer que gozamos de falta enorme de diálogo, está claro. Todo cun pasado de incomprensións e falta de sensatez que non se entende, queimados nas penurias da loita que deixou tirados a tantos polo camiño, coma se foran traidores. Ninguén tivo para eles algún detalle ou agradecemento. Illamentos sociais, desautorizacións públicas dos discrepantes, voces insultantes humillando e espallando mentiras obsesivas, omisións intencionadas graves, ofensas e comentarios á marxe de quen non tiña culpa. Tampouco se lles pediu perdón. Na venda de favores e compadrecos que non foron repa-

rados, falsas moedas que se deron aos amigos ou pagos xenerosos a traidores. Eses mesmos que hoxe corren cos que gobernan e fan todo tipo de actos e sorrín satisfeitos, están en todas! Que pillos son! Vendidos a calquera prezo. Así fomos deixando cadáveres no camiño.

Penso, sen tentar convencer a ninguén, que seguimos neste minifundio mental de non querer aprender nin actualizarnos, retrasando a historia sen poñerse ao día, sen dar idea do que temos diante os ollos, sen recoñecer que cansamos co discurso, que non engaiola e menos á xente nova. Por iso, e xa despois, ver que hai que falar desde a carón, cun discurso directo e sosegado, cheos da razón e do rigor do sentimento que nos xungue, coa comunicación receptiva que escoita e coa comprensiva que atende, coa verdade que vai cos tempos porque as circunstancias cambian e veñen a ser moi distintas. Hai que saber relatar esa dor que, ademais de doernos, nos anima a loitar. Esa mesma dor, da que queremos liberarnos xuntos e que nos poñerá en pé, saíndo desta mediocridade parcelaria. Sen baixar a garda nin os nosos

anceios. A verdade ás veces doe e, desde ela, só hai un modo de encarala: uníndonos para ser máis e máis fortes! Chamando os que faltan e quedaron no camiño. E, finalmente, dada a capacidade tan importante das redes sociais e dos medios, corrixir e empregar a capacidade de suxestión positiva, de influencia social esclarecedora. Non se pode perder o tempo en desautorizar aos demais. Cómpre vender O Noso, co esforzo de colaborar na inclusión real dos colectivos activos, visualizar as nosas capacidades e crer de novo en nós. Empregar elementos ilusionados, reais da necesaria diversidade que respecta e se fai respectar nos nosos signos identificadores aos que nunca renunciaremos. E iso hai que facelo dun xeito positivo, sen descualificar. Gañando espazos aos demais, incluso a aqueles que nos os quitaron, pero poñendo en valor os dereitos colectivos que –como nación– nos asisten.



Universidade Brasileira edita o traballo de Ponte... nas ondas! As cores do Brasil

Nestes días em que os ollos do mundo se voltan para o Brasil, a editora Latus da Universidade Estadual da Paraíba acaba de editar e colocar nas livrarias o libro disco Cores do Atlântico, o traballo que Ponte...nas ondas! e o selo discográfico galego PAI Música editou en 2010 para Galiza e Portugal. Este foi presentado no marco do Congreso "Pontes de cultura, pontes de futuro" realizado en Vigo e Melgaço en 2010 con motivo dos 15 anos de Ponte...nas ondas!.

As Cores do Atlântico publicadas agora para o público brasileiro contam con produción da Universidade Estadual da Paraíba e a parceria da Liraprocult, a produtora de Socorro Lira, de Ría Le-maire, a autora do texto e de

Ponte...nas ondas! que produziu o traballo original con financiamento da Xunta de Galiza.

Nova capa

A capa da edición brasileira renova-se con un desenho do ilustrador Anderson Augusto, quem sugere o baño nas ondas do Atlântico con uma bela paisagem das montanhas de fundo. O resto do traballo mantén a distribución e composición da anterior edición galego-portuguesa.

Importância da edición no mercado brasileiro

No ámbito universitario brasileiro aínda non é muito reconhecido a existencia de um patrimônio comum partilhado com a Galiza e, às vezes limita-se ao ámbito das orixens da língua naquele cantinho da

península ibérica onde as mulleres cantavam fininho. Por isso é importante que as investigacións realizadas pola profesora Ría Le-maire contextualizando estas orixens do patrimonio imaterial galego-português, non só no ámbito literário senón tamén em um espaço cultural muito mais alongado e abrangente.

Para o público brasileiro, a edición do Cores do Atlântico vai permitir conhecer de uma forma muito intuitiva aquilo que já pressente quando ouve ou escuta determinadas expresións culturais e mesmo sotaques da sua identidade que identificam como algo de procedência ibérica ou tão só portuguesa.

A descuberta de umas orixens culturais galegas que están em boa medida aínda vivas no Nordeste brasileiro pode ser um dos grandes logros que a lectura e a escuta do Cores do Atlântico produza nos lectores e público brasileiro.

As ilustrações que o artista galego Quique Bordell realizou para cada una das 15 cantigas recolhidas no CD acompañan tamén nesta edición brasileira ao texto do libro.

No disco participaron as artistas brasileiras Socorro Lira, Margaret Menezes, Eneida Marta e as Cirandeiras Caiana dos Crioulos, Eneida Marta de Guiné Bissau, João Afonso de Portugal e Uxía e Leilía de Galiza.



Xoán Bascuas reuniuse con directivos do CERMI Galicia



O secretario xeral de Compromiso e candidato á presidencia da Xunta de Galicia, Xoán Bascuas, continúa coa súa rolda de entrevistas para recoller propostas, para o programa electoral das eleccións autonómicas, centrándose nas cuestións que teñen unha clara ligazón co benestar e os servizos sociais.

Nesta ocasión, Bascuas mantivo un encontro co Comité de entidades representantes de persoas con discapacidade en Galicia (Cermi) que preside Anxo Queiruga.

Unha das ideas principais recollidas nesta xuntanza e asumida por Compromiso é a necesidade dun tratamento transversal das problemáticas que afectan ás persoas con diversidade funcional: "Estas cuestións non só terán un apartado específico no programa de Compromiso

senón que serán un dos fíos condutores do conxunto do noso programa" sinalou Xoán Bascuas.

Entre as propostas do CERMI, figuran a necesidade de garantir o mantemento das entidades do movemento asociativo, a implantación da tarxeta da Discapacidade de Galicia, a adaptación legislativa á normativa galega, a potenciación dos centros especiais de emprego, así como outras medidas. O candidato galeguista á presidencia da Xunta, comprometeuse a manter unha nova xuntanza cando o programa electoral estea rematado, para que os directivos do CERMI o poidan avaliar.

Xoán Bascuas valorou moi positivamente este encontro e lembrou que tódalas cuestións relacionadas coas persoas con diversidade funcional "son prioritarias para Compromiso".

50 Festa Feira do Xamón da Cañiza

A Festa do Xamón da Cañiza, declarada Festa de Interese Turístico pola Xunta de Galicia, celebra este ano o seu 50 aniversario.

O variado programa musical destas festas comeza o venres ás dez e media da noite cun concerto homenaxe á cantareira Concha de Luneda coas actuacións de Xistra de Coruxo e Gaudi Galego. A partir das doce e media da noite co Xamón Dance Festival a música electrónica chegará da man de JL García, Cosmik, Jhon Mayze & Miguel Faria, Dumore e Dilage. O sábado 13 na verbena nocturna da Praza Maior presentárase a canción do 50 aniversario da Festa do Xamón con La edad de oro del pop español e Grupo M3, o domingo actuarán La Oca e Alcázar e o luns Charleston e Xacobeo.

Como cada 15 de agosto a festa gastronómica terá lugar na Carballeira do Cacharado, a 200 metros da saída da autovía Rías Baixas, onde a partir das once da mañán comezarán a venderse os tickets das racións elaboradas con xamón, a cinco euros incluído pan e viño ou refresco. Serviranse racións de xamón curado, asado, cocido ao viño tinto, en empanada ou en tortilla.

Con motivo do 50º Aniversario con cada ración regalarase un pano conmemorativo e unha rifa que dará dereito a participar no sorteo de 2 xamóns durante a xornada da mañá do 15 de agosto.

Tamén ás once da mañán comezará a terceira edición do Concurso de especialistas de corte de xamón, organizado por Víctor Burgos, cañicense, especialista de corte xamoneiro e cortador oficial do grupo Coren. Na competición participarán máis de vinte e cinco cortadores e todas as racións de xamóns cortadas no concurso destinaranse á venda.

A esa mesma hora haberá unha recepción na Casa Consistorial ás autoridades e a todos os Concelleiros que participaron na

organización da Feira dende os seus inicios.

Ao mediodía o Desfile da Comitiva encabezada polos centenarios "Cabezudos" da Vila, os carros típicos guiados por unha parella de bois, o Grupo Folclórico e Banda de Gaitas Santa Cristina de Valeixe, grupo Treboada Baixo Miño de Tomiño, e os pequenos da localidade ataviados cos traxes rexionais portando as xa consagradas bandexas de xamón, percorrerá o traxecto desde a Concello ata a Carballeira, acompañados este ano polo Na Carballeira dará un concerto o grupo folk cañicense "Os do cruceiro" ata a unha do mediodía no que o Alcalde dará a benvinda a autoridades e asistentes. O cronista de A Cañiza Don José Luis Bacelar Fernández leerá o Pregón do 50 Aniversario e a continuación entregaranse os premios dos concursos de Narración e Pintura "50ª Aniversario Feira do Xamón da Cañiza", e aos gañadores do concurso de cortadores de xamón.

Xa pola tarde, ás seis, o grupo "O Fia-deiro" de Vigo fará un pasarrúas e dará un concerto na Praza Maior. Ás sete e media haberá un espectáculo de animación infantil nesa praza.

O grupo de especialistas Hípica Celta ofrecerá un espectáculo de xustas e torneo medieval no recinto do edificio comarcal, a cen metros da Carballeira, ás oito e media.

Pola Noite a verbena será amenizada polas orquestras Charleston e Xacobeo.

Semana Grande da Feira

Pero os actos da Festa do Xamón comezan días antes do día grande da degustación gastronómica. Actos de homenaxe, coloquio, conferencia, presentación de proxectos, obradoiro e exhibición de corte sucédense dende máis dunha semana antes.

Así o xoves 4 tivo lugar no auditorio da Casa de Cultura de A Cañiza o Acto Oficial Conmemorativo do 50 aniversario e a homenaxe aos fundadores e organizadores da

50 FESTA FEIRA DO XAMON DA CAÑIZA
DO 12 O 15 DE AGOSTO 2016

VENRES 12 AGOSTO
22.30 CONCERTO - HOMENAXE Á CANTAREIRA 'CONCHA DE LUNEDA' COS GRUPOS 'XISTRA DE CORUXO' E 'GAUDI GALEGO'
00.30 XAMON DANCE 2016
XAMON J.L. GARCIA-COSMIK
JHON MAYZE & MIGUEL FARIA • DUMORE • DILAGE

SÁBADO 13 AGOSTO
11.30 "HOMENAXE A CAÑIZA DO XAMON" NA RUA DE ORIENTE
POLA NOITE, VERBENA NA PRAZA MAIOR CON
"LA EDAD DE ORO DEL POP ESPAÑOL"
PRESENTACIÓN NA CONCELLO DO 50 ANIVERSARIO "FESTA DO XAMON"
"GRUPO M3"

DOMINGO 14 AGOSTO
19.00 CONCHA DE "CANTA DE XAMON" E "CANTA DE VIÑOS" NA RUA DE ORIENTE
POLA NOITE, VERBENA NA PRAZA MAIOR COS GRUPOS
"LA OCA" E "ALCÁZAR"

LUNS 15 AGOSTO
"50 FESTA FEIRA DO XAMON"
11.00 Venda de tickets para a Degustación de Racións Elaboradas con Xamón.
12.00 Degustación de Racións de Xamón para celebración do grupo "Treboada Baixo Miño".
13.00 Degustación de Racións de Xamón e Lectura do Pregón a cargo de Don José Luis Bacelar.
13.30 Actuación do grupo folk "Os do Cruceiro" da A Cañiza.
14.30 Entrega de Premios aos Cortadores do "Concurso Cortadores de Xamón".
15.00 Sorteo dos tickets XAMON de "A Cañiza".
16.00 Pasarrúas e actuacións na Praza Maior do Grupo "O Fia-deiro de Vigo".
16.30 Torneo de Fútbol "Festa do Xamón" no Centro de Fútbol de A Cañiza.
19.00 Espectáculo infantil de animación na "Praza Maior".
20.30 Espectáculo de Xustas e Torneo Medieval polo Grupo de Espectáculos "Triloma Celta" no recinto do Edificio Comarcal (O Viño).

VERBENA NOCTURNA AMENIZADA PORAS ORQUESTAS
CHARLESTON • XACOBEO

CONCELLO DA CAÑIZA



Feira do Xamón, no que se proxectou o video documental Xamón de A Cañiza: 50 Anos de Feira e no que interviron un portador dos fundadores, o ex Alcalde César Mera, organizador durante 35 anos, o Alcalde Miguel Domínguez e o Presidente da Xunta Alberto Núñez Feijóo.

O luns 8 presentárase a 50 edición da Festa do Xamón aos medios de comunicación, ás 13:00h. no restaurante Mesón do Xamón, por parte da Directora Turismo da Xunta de Galicia, Nava Castro.

O martes 9 ás 19:00h. no Salón de Plenos do Concello organizábase un coloquio sobre o Pasado, Presente e Futuro da Festa do Xamón de A Cañiza. Neste acto presentáranse o video-documental sobre a tradición xamoneira en A Cañiza e os 50 anos de celebración da Festa-Feira do Xamón e a publicación "Xamón de A Cañiza: 50 anos de Feira".

O mércores 10, no Salón de Plenos as sete da tarde, desenvolverase a conferencia "Razas Porcinas en Galicia e no mundo: características e diferenzas" a cargo dos membros da Asociación de Cortadores de Xamón de Galicia.

O xoves 11 no mesmo lugar pero ás oito da tarde presentáranse os Proxectos municipais dinamizadores do sector xamoneiro "Secadeiro Municipal de Xamón" e IXP (Indicación Xeográfica Protexida) do xamón de A Cañiza, a cargo do Alcalde de A Cañiza, Miguel Domínguez, o Inxeñeiro Téc-

nico Forestal Francisco González Táboas e o Arquitecto Técnico e redactor do proxecto do secadero Lucas García Vázquez.

O sábado 13 ás cinco e media da tarde impartírase o obradoiro do "bocata de Xamón" na Rúa de Oriente, fronte ao Concello. No que os nenos poderán fabricar o seu propio bocata de xamón, empezando pola elaboración da masa de pan e cocido en fornos móbiles. A Asociación de Xamoneiros de Galicia colaborará neste obradoiro ofrecendo as mellores lonchas de xamón para engadir ao pan. Nesta xornada tamén tentarase fabricar o bocata de xamón máis grande, cocendo unha barra de pan xigante e cortando a loncha de xamón máis larga.

Os actos previos á Feira pecharanse cunha Exhibición de Corte de Xamón e Cata de Viños, o domingo 14 ás sete da tarde fronte ao Concello, que incluírá unha clase magister de corte de xamón a cargo dos membros fundadores da Asociación de Cortadores de Xamón de Galicia e unha clase de cata de viños a cargo do mestre adegueiro Juan Arjones así como unha cata de viño e xamón para apreciar a perfecta maridaxe entre estes dous soberanos das mesas galegas.

Outro dos importantes actos de homenaxe á propia festa é descubrimento dunha escultura alegórica realizada polo pintor e escultor cañicense Diego de Giráldez.